

Programación didáctica do
departamento de Relixión Católica.
2º e 4º da ESO e 2º de BACHARELATO
IES PEDRO FLORIANI de Redondela.
IES VAL MIÑOR de Nigrán.

Xosé Manuel Lence García.

xeatura de departamento.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

2022/23



1. Introducción e contextualización.

A Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para Mellora da Calidade Educativa, LOMCE, no artigo 6.1, define o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada un dos ensinos.

O contido do currículo de Relixión Católica parte da experiencia humana e desenvólvese de xeito respectuoso coas etapas do desenvolvemento infantil e adolescente, colaborando, neste sentido, coas aprendizaxes instrumentais e transversais propios de cada etapa educativa.

A relixión é un feito presente innegablemente na humanidade e na nosa sociedade, por iso a necesidade dun estudo sistemático para comprender a nosa historia e cultura galegas que están conformadas por crenzas, símbolos e valores do cristianismo. O ensino da relixión católica na escola responde á necesidade de respectar e ter en conta o conxunto de valores nos que a persoa naceu e que se denomina tradición.

Así, o currículo de Relixión Católica contribúe á educación integral do estudante nesa necesidade pois responde á dimensión relixiosa de todo ser humano e, á vez, introduceo na realidade á luz dunha hipótese ofrecida por unha historia e unha tradición. Deste xeito, é promovido o recoñecemento dun sentido da existencia dun xeito coherente co propio desenvolvemento psicolóxico e evolutivo do alumnado.

A liberdade relixiosa de persoas e pobos é recoñecida pola Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948. Asemade a Constitución Española non só recoñece a liberdade relixiosa senón tamén garante “dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas conviccións” no artigo 27.3. Un dereito que tamén forma parte de tratados internacionais recoñecidos por España como o Pacto Internacional de Dereitos Económicos Sociais e Culturais no seu artigo 13.3 e a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, artigo 14.3, entre outros.

O Acordo Internacional que subscribiu o Estado Español coa Santa Sé sobre Ensino e Asuntos Sociais, asinado o 3 de xaneiro de 1979, outorga (art. 6) a competencia para elaborar o currículo da materia de Relixión e Moral Católica á xerarquía eclesiástica. Esta programación é desenvolvida, consecuentemente, segundo as orientacións da Comisión Episcopal correspondente que dispuxo catro bloques de contidos os cales se espallan aquí en tres avaliacións para cada un dos niveis do centro.


2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis que forman parte dos perfís de competencias.

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, expón as seguintes competencias clave :

- 1ª) Comunicación lingüística (CCL)
- 2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- 3ª) Competencia dixital (CD)
- 4ª) Aprender a aprender (CAA)
- 5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- 6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- 7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

2.1. Comunicación lingüística (CCL).

Este currículo de Relixión Católica válese dos elementos cristiáns presentes na contorna do alumnado, das imaxes e símbolos, da linguaxe e outros recursos, para a comprensión da relixiosidade propia de cada etapa evolutiva. Desenvólvese así a competencia en comunicación lingüística (tanto na expresión oral como na escrita) que se serve da linguaxe que conforma a cultura e tradición que se transmite dunha a outra xeración. Ademais o ensino relixioso católico na escola sérvese da linguaxe académica e das linguaxes que conforman a cultura. O diálogo da fe coa cultura contribúe á competencia en comunicación lingüística do alumno en relación cos estándares de aprendizaxe:

	Estándares de aprendizaxe 
1ª) Comunicación lingüística (CCL)	<ul style="list-style-type: none"> -Expresa oralmente e por escrito sentimentos e emocións na linguaxe da relixión. -Interpreta e comprende diversos textos relixiosos cada un desde o seu xénero literario ou natureza específica. -Organiza o coñecemento da realidade relixiosa en esquemas conceptuais.

2.2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

O ensino relixioso tamén contribúe á competencia matemática ó axudar a que o alumno relacione datos da Biblia coa historia, contabilice expresións de cifras e use estatísticas para a descrición e a análise da realidade social.

Estándares de aprendizaxe



<p>2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Clasifica os obxectos, feitos e ideas da relixión en conxuntos coherentes. -Aplica o razoamento dedutivo ás crenzas relixiosas, condutas e consecuencias e emprega o razoamento indutivo partindo da observación da realidade para formular principios relixiosos. -Aplica o razoamento lóxico na formulación das preguntas e respostas sobre a relixión.
--	--

2.3. Competencia dixital (CD)

O ensino relixioso integra as TIC para o tratamento da información, para a súa obtención e selección crítica. É unha materia na que teñen un importante papel os recursos tecnolóxicos ao alcance de estudantes e profesores, pois facilitan o traballo tradicional e ofrecen novas aplicacións.


Estándares de aprendizaxe



<p>3ª) Competencia dixital (CD)</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Utiliza os medios TIC para a comunicación da información e do coñecemento relixioso. -Intercambia información e ideas relixiosas mediante a Rede. -Aplica criterios para a selección da información relixiosa e utiliza os instrumentos axeitados para rexistrala.
-------------------------------------	---


2.4. Aprender a aprender (CAA)

O ensino da relixión contribúe fomentando a atención, memoria, experiencia, o impulso do traballo en equipo, a síntese da información e opinión. Fai aos alumnos protagonistas da súa propia aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore activa e libremente co plan divino.

4ª) Aprender a aprender (CAA)	Estándares de aprendizaxe 
	<ul style="list-style-type: none"> -Investiga de xeito persoal no ámbito da relixión suscitando e formulando preguntas. -Transforma a información relixiosa en coñecemento propio. -Aplica coñecementos relixiosos a diferentes situacións e contextos. -Atopa e usa canles para canalizar as capacidades persoais tanto na comunidade crente como no feito relixioso na sociedade.

2.5. Competencias sociais e cívicas (CSC)

A relixión católica favorece o desenvolvemento de virtudes cívicas para o ben común da sociedade. Educa a dimensión moral e social da persoa, favorecendo a corresponsabilidade, a solidariedade, a liberdade, a xustiza e a caridade.

5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)	Estándares de aprendizaxe 
	<ul style="list-style-type: none"> -Valora e respecta o principio democrático de liberdade relixiosa e de conciencia. -Aplica os principios da ética relixiosa á resolución de conflitos. -Mostra un diálogo interrelixioso e ecuménico como medio de encontro entre culturas, integración das persoas, enriquecemento mutuo e construción da paz mundial. -Aprecia e respecta o principio democrático de laicidade.

2.6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Esta competencia desenvólvese no estudante partindo do verdadeiro coñecemento de si mesmo, das súas potencialidades, da súa dignidade e do seu sentido. A formación relixiosa católica aporta á devandita competencia unha cosmovisión que dá sentido á vida, á cultura e á identidade da persoa humana.

Estándares de aprendizaxe



6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

- Planifica e participa en proxectos relacionados coa misión cristiá adaptando proxectos misioneiros a contextos e situacións propias dun Centro educativo.
- Proxecta accións con outros compañeiros co fin de animar unha acción colectiva.
- Comprométese nas institucións e servizos ao seu nivel desde a perspectiva da misión e responsabilidade dos crentes ante a vida pública.

2.7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A relixión católica aporta á competencia cultural e artística o significado e valoración crítica de tantas obras da nosa contorna, motivando o aprecio pola propia cultura galega e a estima adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas.

Estándares de aprendizaxe



7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

- Coñece e aprecia o rico patrimonio artístico galego de inspiración relixiosa.
- Comprende as obras artísticas relixiosas e expresa os seus elementos a través da creatividade, imaxinación e iniciativa.
- Crea expresións artísticas desde a propia percepción do relixioso.

5.

	UNIDADES ↓		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ↓	1. O home ser relixioso. 2. Expresións históricas do sentido relixioso. 3. Diversas posturas ante o feito relixioso.	4. Orixe e evolución da doutrina social da Igrexa. 5. Principios fundamentais da Doutrina Social da Igrexa.	6. Percorrido histórico das relacións entre a ciencia e fe. 7. A vida monacal, fonte de cultura
Reflexiona sobre acontecementos mostrados nos medios de comunicación e emite xuízos de valor sobre a necesidade de sentido.	X		
Identifica e diferencia a diversidade de respostas salvíficas que mostran as relixións.		X	

ESO Segundo Curso

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1. Obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria

A finalidade da Educación Secundaria Obrigatoria é lograr que os alumnos adquiran os coñecementos e habilidades básicos da cultura, especialmente nos ámbitos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico. Igualmente, os alumnos deben desenvolver e consolidar tanto hábitos de estudo e de traballo como habilidades e actitudes que lles permitan afrontar con éxito o reto que supón educarse e formarse nunha sociedade cambiante. Os obxectivos da ESO son:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural; e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, de estudo e de traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e de oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente nas da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou en máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, co consumo, co coidado dos seres vivos e do medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

2. Organización e secuenciación dos Contidos, Criterios de avaliación e Estándares de aprendizaxe avaliáveis de Relixión Católica en relación coas distintas unidades de programación de Segundo curso

PRIMEIRO TRIMESTRE		Unidades: 1, 2 e 3
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque I. O sentido relixioso do home		
Unidade 1: A persoa é criatura de Deus. 1. A orixe do ser humano 2. A persoa é un ser libre e intelixente 3. Todos temos os mesmos dereitos	1.1. Establecer diferenzas entre o ser humano creado a imaxe de Deus e os animais. 1.2. Relacionar a condición de criatura coa orixe divina. 1.3. Explicar a orixe da dignidade do ser humano como criatura de Deus.	1.1.1. Argumenta a dignidade do ser humano en relación cos outros seres vivos. 1.2.1. Distingue e debate de forma xustificada e respectuosa a orixe do ser humano. 1.3.1. Valora, en situacións da súa contorna, a dignidade de todo ser humano con independencia das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais, sociais etc.
Unidade 2: Somos artifices da Creación. 1. Colaboradores de Deus na Creación 2. Coidando a «casa común»	1.4. Entender o sentido e a finalidade da acción humana.	1.4.1. Clasifica accións do ser humano que respectan ou destrúen a creación. 1.4.2. Deseña, en pequeno grupo, un plan de colaboración co seu centro educativo no que se inclúan polo menos cinco necesidades e as posibles solucións que o propio grupo levaría a cabo.
Bloque II. A Revelación: Deus intervén na historia		
Unidade 3: A fe axúdanos a coñecer os plans de Deus. 1. Deus revélase ao ser humano 2. Que plan ten Deus para nós? 3. As persoas responden a Deus coa fe	2.1. Coñecer e aceptar que Deus se revela na historia. 2.2. Comprender e valorar que a fe é a resposta á iniciativa salvífica de Deus.	2.1.1. Busca e elixe personaxes significativos do pobo de Israel e identifica e analiza a resposta de fe neles. 2.2.1. Interésase por coñecer e valora a resposta de fe ao Deus que se revela.
SEGUNDO TRIMESTRE		Unidades: 4 e 5
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque II. A Revelación: Deus intervén na historia		
Unidade 4: Deus fálanos na Biblia. 1. A Biblia é un libro moi especial 2. A Biblia é Palabra de Deus en linguaxe humana 3. A Biblia é moito máis que palabras	2.3. Coñecer e definir a estrutura e organización da Biblia. 2.4. Coñecer e respectar os criterios do maxisterio da Igrexa ao redor da interpretación bíblica. 2.5. Recoñecer na inspiración a orixe da sacralidade do texto bíblico.	2.3.1. Identifica, clasifica e compara as características fundamentais dos Libros Sacros amosando interese pola súa orixe divina. 2.4.1. Le, localiza e esquematiza os criterios recollidos na <i>Dei Verbum</i> ao redor da interpretación da Biblia valorándoos como necesarios. 2.5.1. Distingue e sinala en textos bíblicos a presenza dun Deus que se comunica, xustificando no grupo a selección dos textos. 2.5.2. Coñece e xustifica por escrito a existencia nos Libros Sacros do autor divino e do autor humano.

Bloque III. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

<p>Unidade 5: Xesús é a imaxe do amor do Pai. 1. Deus revélase en Xesús 2. A persoa, imaxe do Deus-Amor</p>	<p>3.1. Amosar interese por recoñecer o carácter relacional da Divindade na revelación de Xesús. 3.2. Vincular o sentido comunitario da Trindade coa dimensión relacional humana.</p>	<p>3.1.1. Coñece e describe as características do Deus cristián. 3.1.2. Le relatos mitolóxicos, localiza trazos das divindades das relixións politeístas e contrástaos coas características do Deus cristián. 3.2.1. Recoñece, describe e acepta que a persoa humana necesita do outro para alcanzar a súa identidade a semellanza de Deus.</p>
--	--	---

TERCEIRO TRIMESTRE		Unidades: 6 e 7
Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque IV. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa		
<p>Unidade 6: No Credo atopamos as razóns da nosa fe. 1. O Credo é un símbolo que irmanda os cristiáns 2. O Credo resume a fe cristiá</p>	<p>3.3. Descubrir o carácter histórico da formulación de Credo cristián. 3.4. Recoñecer as verdades da fe cristiá presentes no Credo.</p>	<p>3.3.1. Confecciona materiais onde se expresan os momentos relevantes da historia salvífica e relaciónaos coas verdades de fe formuladas no Credo. 3.4.1. Clasifica as verdades de fe contidas no Credo e explica o seu significado.</p>
<p>Unidade 7: A Igrexa de Xesús non coñece fronteiras. 1. Do pequeno nace algo grande 2. No nome de Xesús 3. De Palestina aos confíns da Terra 4. Unha Igrexa universal</p>	<p>4.1. Comprender a expansión do cristianismo a través das primeiras comunidades cristiás. 4.2. Xustificar que a Igrexa é unha, santa, católica e apostólica.</p>	<p>4.1.1. Localiza no mapa os lugares de orixe das primeiras comunidades cristiás e describe as súas características. 4.1.2. Reconstrúe o itinerario das viaxes de san Paulo e explica coas súas palabras a difusión do cristianismo no mundo pagán. 4.2.1. Describe e valora a raíz da unidade e santidad da Igrexa. 4.2.2. Elabora materiais, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación, onde se reflicte a universalidade e apostolicidade da Igrexa.</p>

3. Criterios de cualificación (Rúbricas)

PRIMEIRO TRIMESTRE: Bloques I e II, Unidades 1, 2 e 3				
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	NIVEIS DE DESENVOLVEMENTO			
	Bloque I			
	1 Pouco adecuado	2 Adecuado	3 Moi adecuado	4 Excelente
1.1.1. Argumenta a dignidade do ser humano con relación cos outros seres vivos. (CCL, CAA, CSC)	Entende a dignidade humana, pero non a relaciona coa dos outros seres vivos.	Atopa argumentos básicos sobre a dignidade humana en relación coa dos outros seres vivos.	Argumenta correctamente a dignidade dos seres humanos, á vez que a das outras criaturas.	Expón con claridade, exemplos e reflexións orixinais a relación da dignidade humana coa dos outros seres vivos.
1.2.1. Distingue e debate de forma xustificada e respectuosa a orixe do ser humano. (CCL, CSC, CSIEE)	Os seus argumentos son pobres e debate de modo desordenado sobre a orixe do ser humano.	Expón correctamente as súas ideas sobre a orixe do ser humano, aínda que non atope xustificacións sólidas.	Propón e defende xustificadamente a súa opinión sobre a orixe do ser humano.	Debate de forma respectuosa, achegando motivos de reflexión e xustificando as súas propostas por medio de argumentos sólidos.
1.3.1. Valora, en situacións da súa contorna, a dignidade de todo ser humano con independencia das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais, sociais, etc. (CAA, CSC, CSIEE)	Ten dificultades para entender que a dignidade humana lle é inherente e faina depender das súas circunstancias.	Valora a dignidade dos seres humanos independentemente das súas capacidades nalgunhas situacións, pero non en todas.	Entende e expresa a través de exemplos a inherencia da dignidade dos seres humanos, sen ter en conta as súas capacidades ou a ausencia delas.	Comprende, exemplifica e reflexiona sobre a idea de que a dignidade humana lle é propia, sen ter en conta as súas capacidades. É capaz de xerar interese nos seus compañeiros cos seus exemplos e asume na súa vida diaria esta actitude.
1.4.1. Clasifica accións do ser humano que respectan ou destrúen a creación. (CSC, CSIEE, CCEC)	Resúltalle difícil clasificar as actividades humanas segundo destrúan ou respecten a creación.	Pode clasificar algunhas accións do ser humano como respectuosas ou destrutivas coa creación.	Identifica correctamente as actividades humanas que contribúen a respectar ou a destruír a creación.	Rexistra, identifica e clasifica actividades do ser humano que respectan a creación e contrástaas con aquelas que a destrúen, e reflexiona sobre este feito.
NIVEIS DE DESENVOLVEMENTO Bloque II				

2.1.1. Busca e elixe personaxes significativos do pobo de Israel e identifica e analiza os seus aspectos fundamentais. (CCL, CAA, CCEC)	Cústalle traballo atopar personaxes significativos e non identifica a súa resposta de fe.	Elixen algúns personaxes destacados do pobo de Israel e identifican a resposta de fe.	Distingue os personaxes máis significativos do pobo de Israel e sabe explicar a súa resposta de fe, realizando unha análise básica dela.	Realiza unha selección meditada dos personaxes significativos do pobo de Israel e analiza a súa resposta de fe baseándose en coñecementos previos e na súa propia reflexión.
2.2.1. Interésase por coñecer e valora a resposta de fe ao Deus que se revela. (CAA, CSIEE, CCEC)	Demostra pouco ou ningún interese por coñecer a resposta de fe ao Deus revelado.	Amosa interese por coñecer e valora a resposta de fe ao Deus revelado, pero non afonda niso.	Interésase pola resposta de fe ao Deus que se revela e valora esa resposta na medida dos seus coñecementos e experiencias.	Demostra coñecer a resposta de fe ao Deus revelado e valora a resposta, reflectíndoa claramente de palabra e de obra.

SEGUNDO TRIMESTRE: Bloque II e III, Unidades 4 e 5

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	NIVEIS DE DESENVOLVEMENTO			
	Bloque II			
	1	2	3	4
	Pouco adecuado	Adecuado	Moi adecuado	Excelente
2.3.1. Identifica, clasifica e compara as características fundamentais dos Libros Sagrados amosando interese pola súa orixe divina. (CCL, CCEC)	Resúltalle dificultoso atopar as características fundamentais dos Libros Sagrados e non amosa interese pola súa orixe divina.	Identifica as características máis importantes dos Libros Sagrados e acepta que a súa orixe é divina.	Atopa os principais trazos dos Libros Sagrados, compáraos e organízalos, interesándose pola súa condición de verdade revelada.	Selecciona e clasifica adecuadamente e compara de forma construtiva os elementos definitorios dos Libros Sagrados. Realiza este labor asumindo e xustificando nela a orixe divina das Escrituras.
2.4.1. Le, localiza e esquematiza os criterios recollidos na <i>Dei Verbum</i> ao redor da interpretación da Biblia valorándoos como necesarios. (CCL, CSIEE)	Le a <i>Dei Verbum</i> , pero é incapaz de localizar nela os criterios referentes á interpretación da Biblia.	Tras a lectura da <i>Dei Verbum</i> , é capaz de localizar os criterios sobre a interpretación da Biblia.	Ao ler a <i>Dei Verbum</i> atopa e selecciona de forma esquemática os elementos que se refiren á interpretación bíblica.	Analiza a <i>Dei Verbum</i> de maneira que pode localizar os criterios sobre a interpretación da Biblia, selecciónalos de forma coherente e esquematízalos para a súa mellor comprensión e aplicación.
2.5.1. Distingue e sinala en textos bíblicos a presenza dun Deus que se comunica, xustificando no grupo a selección dos textos. (CCL, CAA, CSC)	Identifica vagamente a presenza de Deus nos textos bíblicos, pero ten dificultades para completar a selección e presentala de forma clara ante o grupo.	Recoñece a presenza de Deus en comunicación cos seres humanos nalgúns textos bíblicos e explícalle sucintamente ao grupo por que os elixiu.	Elixen pasaxes con interese para amosarlle a comunicación de Deus á humanidade e exponlle claramente ao grupo o porqué da súa selección.	Xustifica ante o grupo a súa selección de textos, de maneira que suscite o interese da clase e lles transmita, desde a súa reflexión, a importancia da presenza dun Deus que se comunica nos textos bíblicos seleccionados.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

2022/23

ELIMINAR TEXTO DA CAPA DE ABAIXO!!!!

IES VAL MIÑOR GRAN

TERCEIRO TRIMESTRE: Bloque III e IV, Unidades 6 e 7

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	NIVEIS DE DESENVOLVEMENTO Bloque III			
	1 Pouco adecuado	2 Adecuado	3 Moi adecuado	4 Excelente
3.3.1. Confecciona materiais onde se expresan os momentos relevantes da historia salvífica e relacións coas verdades de fe formuladas no Credo. (CD, CSIEE)	É incapaz de realizar a tarefa de confección de materiais, ou ben realizaa erroneamente, sen atopar a relación entre o Credo e a historia salvífica.	Recoñece algúns momentos da Historia da Salvación e relacións de forma sucinta coas verdades de fe do Credo, elaborando materiais sinxelos.	Revisa a totalidade das verdades de fe comprendidas no Credo e relacións coas cun ou máis momentos da historia salvífica, confeccionando materiais claros e con xustificación adecuada.	Demostra orixinalidade na confección de materiais, de maneira que quede patente o seu esforzo e interese e que sirvan ao mesmo tempo para presentar aos demais as relacións correctamente xustificadas entre a Historia da Salvación e as verdades de fe do Credo.
3.4.1. Clasifica as verdades de fe contidas no Credo e explica o seu significado. (CCL, CAA)	Cústalle traballo entender e explicar o significado das verdades de fe contidas no Credo, ou ben non é capaz de clasificalas.	Realiza unha clasificación correcta das verdades de fe do Credo e explicaas de forma básica.	Clasifica adecuadamente as verdades de fe que se atopan no Credo e realiza unha explicación correcta e ampla.	Amosa dominio das verdades de fe contidas no Credo, explicando o seu significado por medio da xustificación teórica e a reflexión persoal e clasificaas de forma que sexan máis comprensibles.

NIVEIS DE DESENVOLVEMENTO
Bloque IV

4.1.1. Localiza no mapa os lugares de orixe das primeiras comunidades cristiás e describe as súas características. (CCL, CMCCT, CSC, CAA)	O seu traballo é incompleto, ben porque non pode realizar unha correcta localización das primeiras comunidades cristiás, ou ben porque explica deficientemente as súas características ou non o fai de ningún modo.	Identifica aproximadamente nun mapa os lugares de orixe das primeiras comunidades e sinala as súas características principais.	Especifica nun mapa a localización xeográfica das primeiras comunidades e realiza unha descrición das súas características de modo que se poida identificar e diferenciar correctamente cada unha delas.	Demostra que comprende a importancia das primeiras comunidades cristiás, non só indicando a súa localización e características, senón tamén reflexionando sobre o feito da súa aparición, desde Cristo e para a Igrexa.
4.1.2. Reconstrúe o itinerario das viaxes de san Paulo e explica coas súas palabras a difusión do cristianismo no mundo pagán. (CCL, CMCCT, CD, CAA, CSIEE, CCEC)	Descoñece o itinerario das viaxes de san Paulo e a difusión do cristianismo, ou ben non chega a explicalas correctamente.	Realiza unha reconstrución das viaxes de san Paulo e explica brevemente como se produciu a difusión do cristianismo no ámbito pagán.	Indica correctamente o itinerario das viaxes de san Paulo e pono en paralelo coa súa explicación sobre a expansión do cristianismo entre os pagáns.	Reconstrúe con detalle as viaxes de san Paulo e sabe explicar con corrección, partindo delas, ou ben con outros recursos, como se produciu a expansión do cristianismo, e reflexiona sobre a súa importancia.
4.2.1. Describe e valora a raíz da unidade e santidad da Igrexa. (CCL, CAA, CCEC)	Cústalle entender o carácter unitario da Igrexa e non sabe describir as razóns da súa santidad.	Describe a raíz da unidade e santidad da Igrexa, e fai unha valoración persoal sinxela.	Presenta unha descrición clara e adecuada da raíz da unidade e santidad da Igrexa e leva a cabo unha valoración xustificada.	Describe de modo extenso e coherente por que a Igrexa é unha, santa, católica e apostólica, baseándose na reflexión, ademais de na documentación.
4.2.2. Elabora materiais, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación, onde se reflicte a universalidade e	Tenta elaborar materiais usando o TIC, pero non as domina suficientemente, ou ben non plasma de modo claro a	Presenta a mensaxe de universalidade e apostolicidade da Igrexa de modo sinxelo, utilizando tecnoloxías da información e a	Plasma de modo correcto e amplo a universalidade e apostolicidade da Igrexa, usando adecuadamente o TIC para presentalas	Combina de forma creativa os recursos que proporcionan as TIC coa propia mensaxe de universalidade e apostolicidade da Igrexa, creando un material non

TERCEIRO TRIMESTRE: Bloque III e IV, Unidades 6 e 7

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	NIVEIS DE DESENVOLVEMENTO Bloque III			
	1 Pouco adecuado	2 Adecuado	3 Moi adecuado	4 Excelente
3.3.1. Confecciona materiais onde se expresan os momentos relevantes da historia salvífica e relacións coas verdades de fe formuladas no Credo. (CD, CSIEE)	É incapaz de realizar a tarefa de confección de materiais, ou ben realízaa erroneamente, sen atopar a relación entre o Credo e a historia salvífica.	Recoñece algúns momentos da Historia da Salvación e relacións de forma sucinta coas verdades de fe do Credo, elaborando materiais sinxelos.	Revisa a totalidade das verdades de fe comprendidas no Credo e relacións cun ou máis momentos da historia salvífica, confeccionando materiais claros e con xustificación adecuada.	Demostra orixinalidade na confección de materiais, de maneira que quede patente o seu esforzo e interese e que sirvan ao mesmo tempo para presentar aos demais as relacións correctamente xustificadas entre a Historia da Salvación e as verdades de fe do Credo.
3.4.1. Clasifica as verdades de fe contidas no Credo e explica o seu significado. (CCL, CAA)	Cústalle traballo entender e explicar o significado das verdades de fe contidas no Credo, ou ben non é capaz de clasificalas.	Realiza unha clasificación correcta das verdades de fe do Credo e explicaas de forma básica.	Clasifica adecuadamente as verdades de fe que se atopan no Credo e realiza unha explicación correcta e ampla.	Amosa dominio das verdades de fe contidas no Credo, explicando o seu significado por medio da xustificación teórica e a reflexión persoal e clasificaas de forma que sexan máis comprensibles.
apostolicidade da Igrexa. (CD, CSIEE, CCEC)	mensaxe de universalidade e apostolicidade da Igrexa e queda no superficial.	comunicación.	de forma amena e comprensible.	só coherente, senón tamén orixinal e suxestivo.

4. Perfil competencial

COMP. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	
CMCCT	1.4.2. Deseña en pequeno grupo un plan de colaboración co seu centro educativo no que se inclúan polo menos cinco necesidades e as posibles solucións que o propio grupo levaría a cabo.	ESCRITOS: - Actividades diarias por escrito. - Tarefas escritas do Libro Dixital Interactivo. - Presentacións escritas dentro dos traballos cooperativos. - Tarefas escritas dos apartados «Aprende a...».
	4.1.1. Localiza no mapa os lugares de orixe das primeiras comunidades cristiás e describe as súas características.	
	4.1.2. Reconstrúe o itinerario das viaxes de san Paulo e explica coas súas palabras a difusión do cristianismo no mundo pagán.	
CCL	1.1.1. Argumenta a dignidade do ser humano con relación aos outros seres vivos.	ORAIS: - Participación en debates. - Posta en común das cuestións xurdidas das rutinas de pensamento. - Exposición dos resultados das tarefas do apartado «Muros de luz». - Respostas orais ás cuestións expostas no apartado «Os sete dons do Espírito Santo».
	1.2.1. Distingue e debate de forma xustificada e respectuosa a orixe do ser humano.	
	2.2.1. Busca e elixe personaxes significativos do pobo de Israel e identifica e analiza a resposta de fe neles.	
	2.4.1. Le, localiza e esquematiza os criterios recollidos na <i>Dei Verbum</i> ao redor da interpretación da Biblia valorándoos como necesarios.	
	2.5.1. Distingue e sinala en textos bíblicos a presenza dun Deus que se comunica, xustificando no grupo a selección dos textos.	
	2.5.2. Coñece e xustifica por escrito a existencia, nos Libros Sagrados, do autor divino e o autor humano.	
	3.1.1. Coñece e describe as características do Deus cristián.	
	3.1.2. Le relatos mitolóxicos, localiza trazos das divindades das relixións politeístas e contrástaos coas características do Deus cristián.	
	3.2.1. Recoñece, describe e acepta que a persoa humana necesita do outro para alcanzar a súa identidade a semellanza de Deus.	
	3.4.1. Clasifica as verdades de fe contidas no Credo e explica o seu significado.	
CAA	4.1.1. Localiza no mapa os lugares de orixe das primeiras comunidades cristiás e describe as súas características.	OBSERVACIÓN DIRECTA E SISTEMÁTICA: - Actitude cara aos compañeiros e compañeiras nas actividades colaborativas. - Participación nas
	4.1.2. Reconstrúe o itinerario das viaxes de san Paulo e explica coas súas palabras a difusión do cristianismo no mundo pagán.	
	4.2.1. Describe e valora a raíz da unidade e santidad da Igrexa.	

	<p>1.3.1. Valora, en situacións da súa contorna, a dignidade de todo ser humano con independencia das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais, sociais, etc.</p>	<p>actividades do día a día.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mostra de interese nas actividades voluntarias e na ampliación de coñecementos. - Capacidade de reflexión amosada a partir dos testemuños.
	<p>2.1.1. Busca e elixe personaxes significativos do pobo de Israel e identifica e analiza a resposta de fe neles.</p>	
	<p>2.5.1. Distingue e sinala en textos bíblicos a presenza dun Deus que se comunica, e xustifica no grupo a selección dos textos.</p>	
	<p>2.5.2. Coñece e xustifica por escrito a existencia nos Libros Sagrados do autor divino e do autor humano.</p>	
	<p>3.1.2. Le relatos mitolóxicos, localiza trazos das divindades das relixións politeístas e contrástaos coas características do Deus cristián.</p>	
	<p>3.2.1. Recoñece, describe e acepta que a persoa humana necesita do outro para alcanzar a súa identidade a semellanza de Deus.</p>	
	<p>3.4.1. Clasifica as verdades de fe contidas no Credo e explica o seu significado.</p>	
	<p>4.1.1. Localiza no mapa os lugares de orixe das primeiras comunidades cristiás e describe as súas características.</p>	
	<p>4.1.2. Reconstrúe o itinerario das viaxes de san Paulo e explica coas súas palabras a difusión do cristianismo no mundo pagán.</p>	
	<p>4.2.1. Describe e valora a raíz da unidade e santidad da Igrexa.</p>	
	<p>3.1.2. Le relatos mitolóxicos, localiza trazos das divindades das relixións politeístas e contrástaos coas características do Deus cristián.</p>	
CD	<p>3.3.1. Confecciona materiais onde se expresan os momentos relevantes da historia salvífica e relaciónaos coas verdades de fe formuladas no Credo.</p>	
	<p>4.1.1. Localiza no mapa os lugares de orixe das primeiras comunidades cristiás e describe as súas características.</p>	
	<p>4.1.2. Reconstrúe o itinerario das viaxes de san Paulo e explica coas súas palabras a difusión do cristianismo no mundo pagán.</p>	
	<p>4.2.2. Elabora materiais, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación, onde se reflicte a universalidade e apostolicidade da Igrexa.</p>	
	<p>1.3.1. Valora, en situacións da súa contorna, a dignidade de todo ser humano con independencia das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais, sociais, etc.</p>	
CCEC	<p>1.4.1. Clasifica accións do ser humano que respectan ou destrúen a creación.</p>	
	<p>2.1.1. Busca e elixe personaxes significativos do pobo de Israel e identifica e analiza a resposta de fe neles.</p>	
	<p>2.2.1. Interésase por coñecer e valora a resposta de fe ao Deus que se revela.</p>	
	<p>2.3.1. Identifica, clasifica e compara as características fundamentais dos Libros Sagrados amosando interese pola súa orixe divina.</p>	

	<p>3.1.1. Coñece e describe as características do Deus cristián.</p> <p>3.1.2. Le relatos mitolóxicos, localiza trazos das divindades das relixións politeístas e contrástaos coas características do Deus cristián.</p> <p>3.2.1. Recoñece, describe e acepta que a persoa humana necesita do outro para alcanzar a súa identidade a semellanza de Deus.</p> <p>4.1.2. Reconstrúe o itinerario das viaxes de san Paulo e explica coas súas palabras a difusión do cristianismo no mundo pagán.</p> <p>4.2.1. Describe e valora a raíz da unidade e santidad da Igrexa.</p> <p>4.2.2. Elabora materiais, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación, onde se reflicte a universalidade e apostolicidade da Igrexa.</p> <p>1.2.1. Distingue e debate de forma xustificada e respectuosa a orixe do ser humano.</p>
CSIEE	<p>1.4.1. Clasifica accións do ser humano que respectan ou destrúen a creación.</p> <p>1.4.2. Deseña en pequeno grupo un plan de colaboración co seu centro educativo no que se inclúan polo menos cinco necesidades e as posibles solucións que o propio grupo levaría a cabo.</p> <p>2.2.1. Interésase por coñecer e valora a resposta de fe ao Deus que se revela.</p> <p>2.4.1. Le, localiza e esquematiza os criterios recollidos na <i>Dei Verbum</i> ao redor da interpretación da Biblia valorándoos como necesarios.</p> <p>3.3.1. Confecciona materiais onde se expresan os momentos relevantes da historia salvífica e relaciónaos coas verdades de fe formuladas no Credo.</p> <p>4.1.2. Reconstrúe o itinerario das viaxes de san Paulo e explica coas súas palabras a difusión do cristianismo no mundo pagán.</p> <p>4.2.2. Elabora materiais, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación, onde se reflicte a universalidade e apostolicidade da Igrexa.</p> <p>1.1.1. Argumenta a dignidade do ser humano con relación aos outros seres vivos.</p>
CSC	<p>1.2.1. Distingue e debate de forma xustificada e respectuosa a orixe do ser humano.</p> <p>1.3.1. Valora, en situacións da súa contorna, a dignidade de todo ser humano con independencia das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais, sociais etc.</p> <p>1.4.1. Clasifica accións do ser humano que respectan ou destrúen a creación.</p> <p>2.5.1. Distingue e sinala en textos bíblicos a presenza dun Deus que se comunica, xustificando no grupo a selección dos textos.</p>

	3.2.1. Recoñece, describe e acepta que a persoa humana necesita do outro para alcanzar a súa identidade a semellanza de Deus.

5. Criterios de promoción de Relixión Católica de Segundo curso

a. Estándares de aprendizaxe avaliáveis imprescindibles

Estándares de aprendizaxe avaliáveis imprescindibles Relixión Católica. Segundo curso	Competencias clave
BLOQUE I	
1.1. Argumenta a dignidade do ser humano con relación aos outros seres vivos.	CCL, CAA, CSC
2.1. Distingue e debate de forma xustificada e respectuosa a orixe do ser humano.	CCL, CSC, CSIEE
3.1. Valora, en situacións da súa contorna, a dignidade de todo ser humano con independencia das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais, sociais etc.	CAA, CSE, CCEC
4.1. Clasifica accións do ser humano que respectan ou destrúen a creación.	CSC, CSIEE, CCEC
4.2. Deseña en pequeno grupo un plan de colaboración co seu centro educativo no que se inclúan polo menos cinco necesidades e as posibles solucións que o propio grupo levaría a cabo.	CMCCT, CSIEE
BLOQUE II	
1.1. Busca e elixe personaxes significativos do pobo de Israel e identifica e analiza a resposta de fe neles.	CCL, CAA, CCEC
2.1. Interésase por coñecer e valora a resposta de fe ao Deus que se revela.	CAA, CSIEE, CCEC
3.1. Identifica, clasifica e compara as características fundamentais dos Libros Sagrados mostrando interese pola súa orixe divina.	CCL, CCEC
4.1. Le, localiza e esquematiza os criterios recollidos na <i>Dei Verbum</i> ao redor da interpretación da Biblia valorándoos como necesarios.	CCL, CSIEE
5.1. Distingue e sinala en textos bíblicos a presenza dun Deus que se comunica, e xustifica no grupo a selección dos textos.	CCL, CAA, CSC
5.2. Coñece e xustifica por escrito a existencia nos Libros Sagrados do autor divino e do autor humano.	CCL, CAA
BLOQUE III	
1.1. Coñece e describe as características do Deus cristián.	CCL, CCEC
1.2. Le relatos mitolóxicos, localiza trazos das divindades das relixións politeístas e contrástaos coas características do Deus cristián.	CCL, CD, CAA, CCEC

2.1. Recoñece, describe e acepta que a persoa humana necesita do outro para alcanzar a súa identidade a semellanza de Deus.	CCL, CAA, CSC, CCEC
3.1. Confecciona materiais onde se expresan os momentos relevantes da historia salvífica e relaciónaos coas verdades de fe formuladas no Credo.	CD, CSIEE
4.1. Clasifica as verdades de fe contidas no Credo e explica o seu significado.	CCL, CAA
BLOQUE IV	
1.1. Localiza no mapa os lugares de orixe das primeiras comunidades cristiás e describe as súas características.	CCL, CMCCT, CD, CAA
1.2. Reconstrúe o itinerario das viaxes de san Paulo e explica coas súas palabras a difusión do cristianismo no mundo pagán.	CCL, CMCCT, CD, CAA, CSIEE, CCEC
2.1. Describe e valora a raíz da unidade e santidad da Igrexa.	CCL, CAA, CCEC
2.2. Elabora materiais, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación, onde se reflicte a universalidade e apostolicidade da Igrexa.	CD, CSIEE, CCEC

Criterios xerais

- | | |
|--|--|
| 1. Traballo autónomo
(na aula e outros espazos) | <ul style="list-style-type: none">• Realización sen axuda externa.• Estimación do tempo investido para resolver unha actividade.• Grao de adquisición de aprendizaxes básicas.• Orde e limpeza na presentación.• Uso adecuado de instrumentos e recursos propios da materia.• Emprego de esquemas.• Revisión do traballo antes de dalo por finalizado.• Valoración do traballo na aula e na casa.• Creatividade. |
| 2. Probas orais e escritas | <ul style="list-style-type: none">• Valoración da aprendizaxe dos contidos.• Valoración dos procesos seguidos e dos resultados.• Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade.• Valoración do tempo investido e o tempo necesario para resolver unha actividade.• Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado.• Caligrafía adecuada.• Tempo de realización.• Destrezas.• Coherencia e adecuación. |
| 3. Actividades TIC | <ul style="list-style-type: none">• Uso adecuado e guiado do ordenador e dalgunha ferramenta telemática.• Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou para resolver unha actividade.• Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningunha).• Grao de elaboración da resposta.• Interese e motivación.• Destrezas.• Capacidade de sintetizar e de seleccionar de forma crítica contidos de Internet. |
| 4. Participación e seguimento das clases | <ul style="list-style-type: none">• Nivel e adecuación das intervencións.• Emprego dunha estrutura clara nas mensaxes.• Uso de vocabulario adecuado.• Comportamento en clase.• Interese e esforzo. |
| 5. Traballo cooperativo.
Valoración individual e grupal | <ul style="list-style-type: none">• Capacidade de traballar de forma colaborativa.• Comunicación adecuada cos compañeiros.• Resolución de conflitos.• Interese e motivación.• Iniciativa.• Opinión persoal e valoración crítica do traballo en cooperación. |
| 6. Arquivo de traballo individual | <ul style="list-style-type: none">• Presentación clara e ordenada.• Actualización.• Xustificación dos traballos seleccionados no dossier. |

6. Criterios de recuperación

Recuperación dunha avaliación

- Cada **avaliación** recupérase coa avaliación seguinte segundo os mecanismos que estableza o profesorado.
- No caso de que non se superase algunha recuperación, proporase unha **proba final escrita** sobre contidos da avaliación ou as avaliacións en cuestión.
- Valorarase a presentación dun informe de traballo con actividades referidas aos contidos mínimos do curso.

Materia pendente do curso anterior

- Entrega trimestral, segundo datas establecidas, de actividades e traballos propostos e guiados polo profesor/a responsable da materia de Relixión Católica.
- Exercicio escrito de contidos mínimos.

7. Elementos transversais

Na Educación Secundaria Obrigatoria, elementos como a comprensión lectora, a expresión oral, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional trabállanse en todas as materias. Da mesma maneira, foméntase o desenvolvemento de valores como a igualdade entre homes e mulleres, e a non-discriminación por condicións circunstanciais persoais ou sociais. O ensino transversal tamén inclúe a educación na resolución pacífica de conflitos e en valores que sustenten a liberdade, a xustiza, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos. De entre estas ensinanzas transversais, Relixión Católica 2.º ESO traballa especialmente:

- **Educación ambiental:** Respecto pola dignidade de todos os seres vivos, identificando e rexeitando as actitudes non-respectuosas coa Creación e propoñendo solucións aos problemas que lles afectan. Destácase a proposta do papa Francisco para promover unha ecoloxía integral.
- **Educación para a paz:** Interese e respecto polas tradicións culturais e relixiosas afastadas no espazo e no tempo. Afirmación dun espírito crítico que rexeite o uso das diferenzas relixiosas para fomentar discriminacións entre as persoas. Recóllese e estúdase a chamada do papa Francisco a non perder a oportunidade dos pequenos xestos de paz e de amizade que rompen coa violencia e o egoísmo.
- **Educación moral e cívica:** Valoración da loita pola liberdade das persoas e dos pobos, e valoración da necesidade de dotarse dunhas normas de comportamento.
- **Educación para a saúde:** Adquisición dun concepto integral de saúde, a exemplo de Xesús, que sanda a totalidade da persoa e a libera de todos os seus males e dos seus medos.
- **Educación para a igualdade de oportunidades:** Valoración da dignidade de todo ser humano con independencia das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais, sociais etc.
- **Educación para a igualdade entre os sexos:** Reforzo do sentido de equidade buscando a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- **Educación do consumidor:** Respecto pola contorna, valorando e asumindo condutas de consumo responsable dentro da ecoloxía integral proposta polo papa Francisco.

8. Metodoloxía

A materia de Relixión Católica na ESO pretende continuar afondando nos contidos traballados na Educación Primaria, pero buscando un enfoque dinámico, pedagoxicamente renovado e aberto a novos recursos, especialmente á experiencia dos mozos e mozas. Por iso se estableceu este proxecto ao redor de sete unidades, correspondentes a preguntas fundamentais sobre o sentido da vida. En cada unha das unidades utilízase unha metodoloxía baseada nas competencias clave, que están detrás de todo o proceso de aprendizaxe e son programadas, traballadas e avaliadas:

- A organización dos contidos correspóndese coa división nos bloques establecidos no novo currículo de Relixión: a) O sentido relixioso do home; b) Deus intervéñ na historia; c) Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación; d) Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa.
- As unidades están encabezadas cunha gran pregunta e ábrese coa invitación a traballar sobre unha imaxe mediante unha rutina de pensamento. Téñense en conta diferentes técnicas de traballo cooperativo, e numerosas actividades baséanse nas intelixencias múltiples. A unidade complétase cun mapa mental que facilita a síntese dos contidos. Ofrécese actividades de avaliación competencial ao final de cada unidade.
- O traballo coas novas tecnoloxías intégrase en cada unha das unidades, pero destaca o recurso do CD *Muros de luz*, que se centra, neste curso, na xenealoxía humana de Cristo, e acompañanse os elementos multimedia cunha proposta dun traballo bíblico e de interioridade.
- ComPLEMENTÁNSE os contidos xerais cun glosario, un anexo de textos bíblicos e a proposta «Os sete dons do Espírito Santo», que articula contidos bíblicos con pautas cristiás de comportamento.

APARTADOS/ ESTRUTURA

As unidades están organizadas en apartados, que finalizan con actividades de distinto tipo. Cada un deles pode traballarse independentemente ou en relación cos anteriores, formando un todo orgánico. Os apartados conteñen diversos recursos multimedia e finalizan con actividades individuais e grupais.

TÉCNICAS DE TRABALLO COOPERATIVO

Propostas nas que se establecen técnicas de colaboración para lograr non soamente os obxectivos propostos, senón tamén unha mellora da actitude cara ás demais persoas.

APRENDIZAXE 360º

A aprendizaxe non se centra no teórico, senón que pon a mirada fóra da aula, para integrar os coñecementos adquiridos por diversos medios.

MAPA MENTAL

Cada unidade proporciona un exemplo de mapa mental que completará o alumnado para favorecer a capacidade de síntese.

RUTINAS DE PENSAMENTO

Tarefas para aprender a pensar.

Unidade 1: «Círculo de puntos de vista»

Unidade 2: «Cor-Símbolo-Imaxe»

Unidade 3: «Preguntas creativas»

Unidade 4: «Cores-Formas-Liñas»

Unidade 5: «3, 2, 1... Ponte»

Unidade 6: «Vexo-Penso-Pregúntome»

Unidade 7: «Inicio-Medio-Final»

DESTREZAS DE PENSAMENTO

Para fomentar o pensamento crítico e creativo.

- Mapas mentais, resumo de personaxes e sínteses en cada unha das sete unidades.

- Técnicas procedementais no apartado «Aprende a...».

- Inferencia nas preguntas introdutorias de cada unidade.

INTELIXENCIAS MÚLTIPLES

As actividades que se propoñen ao longo das unidades teñen en conta

COMPETENCIAS

O apartado «Aprende a...» está especificamente dedicado ao

RECURSOS MÚLTIPLES: INTEGRACIÓN DE TIC E MULTIMEDIA

En paralelo cos contidos de cada unidade,

as intelixencias múltiples, ao ofrecer diversos modos de aprender. Cada unidade iníciase cun enfoque preventivo, que serve para reforzar as ideas desde diversas formas de achegamento.

MUROS DE LUZ

A partir dunhas pinturas murais sobre a xenealoxía humana de Cristo e o seu nacemento, realízase un traballo bíblico e de interioridade

TESTEMUÑO

Preséntase a experiencia de fe e de compromiso dalgún cristián ou cristiá para mover á reflexión e á ampliación de coñecementos.

desenvolvemento de diversas competencias. As actividades finais de cada unidade están pensadas para permitir a avaliación competencial. Concretamente, propónse neste curso analizar unha encíclica, interpretar o uso da Palabra de Deus nas celebracións e comprender o Credo.

AVALIACIÓN COMPETENCIAL

Na última páxina de cada unidade, as actividades de avaliación apuntan a unha ou a diversas competencias.

O SETE DOES DO ESPÍRITO SANTO

Propón unha revisión dos sete agasallos que o Espírito Santo lle fai ao ser humano a través de Xesús: sabedoría, fortaleza, ciencia, consello, intelixencia, piedade e temor de Deus.

ofrécese «píulas» de recursos múltiples que brindan a posibilidade de ampliar os coñecementos por medio de TIC.

ESPAZO MULTIMEDIA

Ademais dos distintos apartados inseridos nas unidades, existe a disposición do alumnado unha biblioteca de recursos multimedia establecida no espazo persoal en liña www.edebe.es.

9. Organización dos espazos e do tempo

TEMPO

- 1 hora semanal, á que se lle engade o tempo necesario para a realización de actividades en grupo fóra da aula, máis as propostas individuais que se consideren oportunas para completar a carga lectiva presencial.

ESPAZO

- Aula: adaptable segundo as necesidades da actividade (utilización de encerado dixital, traballo en grupo, individual, espazo para a posta en común etc.).
- Espazos exteriores: indicados para o traballo en grupo, como as bibliotecas e salas de estudo. A contorna comunitaria enteira cos seus recursos é obxecto de estudo e reflexión, xa que se propón expresamente unha actividade para atopar problemas e buscar as súas solucións desde a comunidade educativa e convivencial. Para os momentos de reflexión persoal pódese contar con espazos na natureza, e o ámbito parroquial será un dos preferidos para o estudo da liturxia e os sacramentos.

10. Materiais e recursos didácticos

Libro do alumno 2.º *Relixión Católica*.

Libro Dixital Interactivo.

Recursos didácticos: I- Programación e orientacións didácticas; II- Material complementario.

Biblioteca de recursos.

Recursos para a aula: recursos web, filmografía e bibliografía, fichas de competencias e fichas para a adaptación curricular.

Material para traballar a educación emocional.

Proxectos de aprendizaxe e servizo.

Xerador de avaliacións.

Portfolio e e-portfolio.

Ordenador.

Encerado dixital.

11. Atención á diversidade

Para traballar a diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos para este curso, sirva como exemplo a seguinte relación:

- **ADAPTACIÓN CURRICULAR** (no «Material complementario»):
 - (BÁSICA): os contidos nucleares da unidade didáctica preséntanse de forma pautada, con apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos.
 - (AMPLIACIÓN): fichas fotocopiabiles con actividades de maior dificultade na súa resolución, polo tratamento doutros contidos relacionados cos do curso etc.
- **COMPETENCIAS E INTELIXENCIAS MÚLTIPLES**: contéplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, o movemento, a representación plástica, a dramatización..., tanto ao longo do tema como no apartado específico de avaliación competencial.
- **PLANS INDIVIDUAIS** dirixidos a alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación).
- **ACTIVIDADES MULTINIVEL**: posibilitan que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axusten ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións. Deste xeito, nunha mesma clase posibilitase traballar en diferentes niveis, segundo as habilidades de cada alumno/a. Desta maneira, favorécese unha división de tarefas entre os alumnos acorde aos seus intereses ou habilidades.
- **TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN**: traballos que permiten a ampliación na temática proposta en cada unha das unidades.
- **LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE**: o anexo final de «Textos bíblicos» serve tanto para facilitar o traballo con citas bíblicas especificadas na unidade, como para ampliar o seu contexto e ofrecerlle ao alumnado un acicate para o achegamento ás fontes bíblicas.
Cada unha das unidades conta tamén con numerosas propostas multimedia nos apartados «Algo + que...», e accédese a unha biblioteca de recursos multimedia no espazo persoal da web de edebé.

12. Estratexias para estimular o interese e o hábito da lectura e a mellora da expresión oral e escrita

Lectura

- Lectura comprensiva de información sobre diversos temas relacionados coas unidades.
- Lectura comprensiva de información sobre outras relixións.
- Lectura comprensiva de fontes bíblicas.
- Lectura de información diversa procedente de páxinas web propostas para obter ou ampliar información, investigar e acceder a recursos *on-line*.
- Utilización de estratexias de comprensión lectora:
 - Lectura silenciosa (autorregulación da comprensión).
 - Elaboración de síntese, esquemas e resumos (conciencia da propia comprensión).
 - Lectura de imaxes acompañadas de preguntas.

Expresión

- Exposición oral e escrita en razoamentos, en actividades e traballos individuais, en actividades en grupo, etc.
- Expresión adecuada oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.
- Exposición oral e escrita con diferentes finalidades: informar, instruír, compartir etc.

13. Estratexias para incorporar as TIC na aula

<i>Libro Dixital Interactivo</i>	Libro proxectable que incorpora elementos de interactividade: actividades, ligazóns, animacións...
<i>Actividades interactivas</i>	O alumno/a responde seleccionando a opción correcta, clasificando elementos de diferentes grupos ou situándoos na súa posición correcta, etc. Ao finalizar, o programa informa os acertos e erros, e dáse a oportunidade de corrixilos.
<i>Ligazóns a Internet</i>	Colección de ligazóns a Internet de alto interese: explicacións complementarias, actividades, curiosidades etc.
<i>Vídeos</i>	Colección de fragmentos de vídeos que serven de apoio aos contidos do libro do alumno.
<i>Biblioteca de recursos dixitais</i>	Un espazo facilmente accesible para atopar recursos dixitais dentro da web da editorial, para consultar, descubrir e explorar o coñecemento.

14. Iniciativa emprendedora

A iniciativa emprendedora, nun sentido amplo, é a «habilidade de transformar as ideas en actos». Require dúas calidades fundamentais: **actitude proactiva**, para ir máis aló do xa establecido, e **constancia para alcanzar os obxectivos** que un se propuxo.

En Relixión Católica de segundo curso propóñense diversos pequenos proxectos para realizar en equipo, nos que o alumnado deberá ter en conta:

- A capacidade de análise: planificación, organización, xestión e toma de decisións; resolución de problemas; habilidade para traballar individualmente e colaborativamente en equipo; responsabilidade; avaliación e autoavaliación.
- A capacidade creadora e de innovación: creatividade e imaxinación; autocoñecemento e autoestima; autonomía e independencia; esforzo, constancia e disciplina; iniciativa e innovación.
- A capacidade de comprensión e asunción de riscos e manexo da incerteza.
- A capacidade de liderar e delegar, entendendo que a dignidade allea non menoscaba a propia.
- A capacidade de sentido crítico, compromiso e responsabilidade co grupo e da comunidade.

15. Actividades complementarias e extraescolares

Relación das actividades complementarias e extraescolares planificadas polo centro e relacionadas coa materia de Relixión Católica.

Exemplo:

- Asistencia a xornadas comunitarias nas que se expoñan problemas sociais ou outros que se consideren de interese para a materia de Relixión ou, en xeral, para o crecemento persoal do alumnado.
- Participación na semana cultural organizada polo centro educativo, no Día de..., a excursión a...
- Asistencia a xornadas, conferencias etc., interesantes desde o punto de vista da materia de Relixión.
- Visita a institucións relixiosas ou civís nas que se desenvolvan labores relacionados cos contidos da materia de Relixión.
- Visita a exposicións temporais relacionadas cos temas estudados.

16. Procedementos para valorar o axuste entre a programación didáctica e os resultados

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	RESULTADOS ACADÉMICOS	PROPOSTAS DE MELLORA
Preparación da clase e dos materiais didácticos	<p>Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento da clase.</p> <p>Existe unha distribución temporal equilibrada.</p> <p>Adecúase o desenvolvemento da clase coas características do grupo.</p>	
Utilización dunha metodoloxía adecuada	<p>Tivéronse en conta aprendizaxes significativas.</p> <p>Considérase a interdisciplinabilidade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).</p> <p>A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.</p> <p>A metodoloxía inclúe o traballo de competencias e intelixencias múltiples.</p>	
Regularización da práctica docente	<p>Grao de seguimento dos alumnos.</p> <p>Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.</p> <p>Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.</p>	
Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias	<p>Os estándares de aprendizaxe avaliábeles atópanse vinculados ás competencias, contidos e criterios de avaliación.</p> <p>Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.</p> <p>Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.</p> <p>Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronselles a coñecer:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aos alumnos. - Ás familias. 	
Utilización de medidas para a atención á diversidade	<p>Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.</p> <p>Ofrecéuselles resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.</p> <p>As medidas e recursos ofrecidos foron suficientes.</p> <p>Aplícanse medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.</p>	

4.º ESO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1. Obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria

A finalidade da Educación Secundaria Obrigatoria é lograr que os alumnos adquiran os coñecementos e as habilidades básicos da cultura, especialmente nos ámbitos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico. Igualmente, os alumnos deben desenvolver e consolidar tanto hábitos de estudo e de traballo como habilidades e actitudes que lles permitan afrontar con éxito o reto que supón educarse e formarse nunha sociedade cambiante. Os obxectivos da ESO son:

a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural; e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente nas da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou em máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio natural, contribuíndo á súa conservación e mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

2. Organización e secuenciación dos Contidos, Criterios de avaliación e Estándares de aprendizaxe avaliáveis de Relixión Católica en relación coas distintas unidades de programación de cuarto curso

PRIMEIRO TRIMESTRE		UDS. 1, 2, 3
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque I. O sentido relixioso do home		
Unidade 1: AS RELIXIÓNS SON PROPOSTAS DE SENTIDO -A nosa vida está chea de interrogantes. -As relixións: procura do sentido da vida. -As relixións son moi diversas. -A relixión propón unha vida comprometida cos demais.	Unidade 1 1. Aprender e memorizar os principais trazos comúns das relixións.	Unidade 1 1.1 Identifica e clasifica os trazos principais (ensino, comportamento e culto) nas relixións monoteístas. 1.2 Busca información e preséntalle ao grupo as respostas das distintas relixións ás preguntas de sentido.
Bloque II. A revelación: Deus intervéñ na historia		
Unidade 2: DEUS DÁSE A COÑECER NA HISTORIA -Plenitude na experiencia relixiosa: a revelación de Deus na historia. -Xesús é a revelación definitiva de Deus. Unidade 3: DEUS É SEMPRE FIEL COAS PERSOAS -A fidelidade de Deus á alianza co ser humano. -O Deus da Alianza. -A fidelidade é vivir no amor.	Unidade 2 2. Comparar e distinguir a intervención de Deus na historia dos intentos humanos de resposta á procura de sentido. Unidade 3 1. Recoñecer e valorar as accións de Deus fiel ao longo da historia.	Unidade 2 2.1 Razona por que a revelación é a plenitude da experiencia relixiosa. 2.2 Analiza e debate as principais diferenzas entre a revelación de Deus e as relixións. Unidade 3 1.1 Identifica e aprecia a fidelidade permanente de Deus que atopa na historia de Israel. 1.2 Toma conciencia e agradece os momentos da súa historia nos que recoñece a fidelidade de Deus.

SEGUNDO TRIMESTRE		UDS. 4, 5
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque III: Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación		
<p>Unidade 4: XESÚS É O SERVIDOR DE DEUS</p> <p>-A figura mesiánica do Servo de lavé. -A esperanza mesiánica. -Xesús é o Mesías.</p> <p>Unidade 5: XESÚS CHAMA A COLABORAR NA SÚA MISIÓN</p> <p>-A chamada de Xesús a colaborar con El xera unha comunidade. -Ser testemuñas de Xesús hoxe.</p>	<p>Unidade 4</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comparar e apreciar a novidade entre o Mesías que sofre e o Mesías político. <p>Unidade 5</p> <ul style="list-style-type: none"> • Descubrir a iniciativa de Cristo para formar unha comunidade que orixina a Igrexa. • Coñecer e apreciar a invitación de Xesús a colaborar na súa misión. 	<p>Unidade 4</p> <p>2.1 Identifica, clasifica e compara os trazos do Mesías que sofre e o Mesías político. 2.2 Esfórzase por comprender a novidade do Mesías que sofre como criterio de vida.</p> <p>Unidade 5</p> <p>1.1 Localiza, selecciona e argumenta en textos evanxélicos a chamada de Xesús. 2.1 Le de maneira comprensiva un evanxeo, identifica e describe a misión salvífica de Xesús. 2.2 Busca e identifica persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús e expón en grupo por que continúan a misión de Xesús.</p>

TERCEIRO TRIMESTRE		UDS. 6, 7
Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque IV. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa		
<p>Unidade 6: SER CRISTIÁN É VIVIR EN PLENITUDE</p> <p>-A pertenza a Cristo na Igrexa ilumina todas as dimensións do ser humano. -A persoa, un ser en construción. -Ser cristián: unha maneira de vivir. -É importante amar ben.</p> <p>Unidade 7: A IGREXA CONSTRÚE A CIVILIZACIÓN DO AMOR</p> <p>-Xesús, a autoridade como servizo. -A autoridade eclesial ao servizo da verdade. -A misión do cristián no mundo: construír a civilización do amor.</p>	<p>Unidade 6</p> <p>1. Descubrir e valorar que Cristo xera unha forma nova de usar a razón e a liberdade, e de expresar a afectividade da persoa.</p> <p>Unidade 7</p> <p>2. Distinguir que a autoridade está ao servizo da verdade. 3. Relacionar a misión do cristián coa construción do mundo.</p>	<p>Unidade 6</p> <p>1.1 Elabora xuízos a partir de testemuños que exemplifiquen unha forma nova de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade. 1.2 Adquire o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen. 1.3 É consciente das diferentes formas de vivir a afectividade e prefere a que recoñece como máis humana.</p> <p>Unidade 7</p> <p>2.1 Identifica persoas que son autoridade na súa vida e explica como recoñece nelas a verdade. 2.2 Recoñece e valora na Igrexa distintas figuras que son autoridade, polo servizo ou polo testemuño. 2.3 Localiza e xustifica tres acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano. 3.1 Investiga e debate sobre as iniciativas eclesiais da súa contorna que colaboran na construción da civilización do amor.</p>

3. Criterios de cualificación (Rúbrica)

PRIMEIRO TRIMESTRE: BLOQUES I E II, UNIDADES 1 E 2				
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	NIVEIS DE DESENVOLVEMENTO			
	1 Pouco adecuado	2 Adecuado	3 Moi adecuado	4 Excelente
I.1.1 Identifica e clasifica os trazos principais (ensinanza, comportamento e culto) nas relixións monoteístas. (CCL, CD, CAA, CCEC)	Resúltalle difícil sinalar os trazos distintivos e confunde unhas relixións con outras.	Atopa os trazos de ensinanzas, comportamento e culto de cada relixión monoteísta e identifícaos.	Atopa os trazos fundamentais das relixións monoteístas, identifícaos correctamente e clasifícaos segundo o seu tipo.	Pode identificar en cada unha das relixións monoteístas os trazos fundamentais, compáraos coas outras e atopa exemplos.
I.1.2 Busca información e preséntalle ao grupo as respostas das distintas relixións ás preguntas de sentido. (CCL, CAA, CCEC)	Ten dificultades para atopar a información, ou ben amosa desinterese na actividade.	Busca información de forma guiada e preséntalla ao grupo de modo básico.	Busca en por el a información acerca das respostas das distintas relixións ás preguntas de sentido, a reelabora e preséntalla ao grupo.	Busca de modo independente e atopa información ampla sobre as respostas ás preguntas de sentido que brinda cada relixión. Exponas de forma orixinal e propia.
I.2.1 Razona por que a revelación é a plenitude da experiencia relixiosa. (CCL, CAA)	Cústalle comprender o concepto de revelación como plenitude de experiencia relixiosa.	Entende a revelación como parte da experiencia relixiosa.	Comprende e explica razoadamente por que a revelación é a plenitude da experiencia relixiosa.	Razona adecuadamente, explica con claridade e con exemplos por que a revelación é a plenitude da experiencia relixiosa.
I.2.2 Analiza e debate as principais diferenzas entre a revelación de Deus e as relixións. (CCL, CSC, CSIEE, CCEC)	Non ve a diferenza entre a revelación divina e as relixións.	Entende que hai diferenzas entre a revelación de Deus e as relixións.	Atopa e expón as principais diferenzas entre a revelación de Deus e as relixións.	Analiza e debate, con achegas persoais, as principais diferenzas entre a revelación de Deus e as relixións.
II.1.1 Identifica e aprecia a fidelidade permanente de	Pode ver a presenza de Deus na historia de Israel, pero non aprecia claramente o seu compromiso	Comprende que Deus aparece expresando e demostrando fidelidade na historia de Israel.	Identifica a fidelidade permanente de Deus na historia de Israel e é capaz de apreciar o seu	Atopa exemplos, analízalos e explícaos, nos que queda patente a fidelidade permanente de

PRIMEIRO TRIMESTRE: BLOQUES I E II, UNIDADES 1 E 2				
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	NIVEIS DE DESENVOLVEMENTO			
	1 Pouco adecuado	2 Adecuado	3 Moi adecuado	4 Excelente
Deus que atopa na historia de Israel. (CAA, CCEC)	de fidelidade constante.		valor.	Deus, presente na historia de Israel.
II.1.2 Toma conciencia e agradece os momentos da súa historia nos que reconece a fidelidade de Deus (CAA, CSIEE)	Acepta que Deus está ao seu lado, pero non comprende todos os signos da súa presenza.	Pode ver os signos da presenza de Deus na súa historia persoal e agradáceos.	Reflexiona acerca dos momentos vitais nos que sentiu a presenza fiel de Deus e dá grazas de forma espontánea.	Asume na súa vida a presenza permanente e fiel de Deus, sabe atopar os seus signos no devir da súa historia persoal e amosa agradecemento por iso.
II.2.1 Identifica, clasifica e compara os trazos do Mesías que sofre e do Mesías político. (CCL, CCEC)	É incapaz de diferenciar os trazos do Mesías que sofre e do Mesías político.	Entende as diferenzas principais entre os dous tipos de Mesías.	Identifica, clasifica e compara os trazos do Mesías que sofre e do Mesías político.	Atopa facilmente as diferenzas principais entre os dous Mesías, identifica cada un dos seus trazos principais e entende a importancia no seu contexto histórico.
II.2.2 Esfórzase por comprender a novidade do Mesías que sofre como criterio de vida. (CAA, CSC)	Resúltalle complicado comprender a novidade do Mesías que sofre e que esta sexa un criterio de vida.	Esfórzase por comprender a innovación que supón o Mesías que sofre e trata de identificalo, con axuda, cun criterio vital.	Comprende que o Mesías que sofre é un concepto novo e que ofrece un criterio de vida, que acepta.	Entende o que supón a figura dun Mesías que sofre, sitúaa correctamente no seu contexto e identifícaa cun criterio vital novo que pode compartir.

SEGUNDO TRIMESTRE: BLOQUE III, UNIDADES 4 E 5				
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	NIVEIS DE DESENVOLVEMENTO			
	1 Pouco adecuado	2 Adecuado	3 Moi adecuado	4 Excelente
III.1.1 Localiza, selecciona e argumenta en textos evanxélicos a chamada de Xesús. (CCL, CAA)	Presenta desinterese pola procura de textos evanxélicos ou é incapaz de atopalos sen apoio.	Busca e atopa algúns textos evanxélicos que exemplifiquen a chamada de Xesús.	Atopa, selecciona e argumenta nalgúns textos evanxélicos a chamada de Xesús.	Localiza con facilidade, selecciona pola súa importancia e pertinencia e xustifica a elección de textos evanxélicos nos que se amose a chamada de Xesús.
III.2.1 Le de maneira comprensiva un evanxeo, identifica e describe a misión salvífica de Xesús. (CCL, CSC)	Le de forma incompleta, ou ben é incapaz de comprender, no evanxeo a mensaxe de Xesús respecto da súa misión salvífica.	Le un evanxeo e pode identificar pasaxes que describen a misión salvífica de Xesús.	Fai unha lectura comprensiva dun evanxeo, identifica e describe a misión salvífica de Xesús de forma básica.	Le comprensivamente un evanxeo, de maneira que discerne nel a misión salvífica de Xesús e descríbea de modo reflexivo.
III.2.2 Busca e identifica persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús e expón en grupo por que continúan a misión de Xesús. (CCL, CSC, CSIEE)	Identifica de modo guiado algunha persoa que actualiza a misión de Xesús na actualidade, pero non sabe expor correctamente o porqué.	Atopa persoas que actualizan a misión de Xesús e preséntalle ao grupo o seu labor.	Identifica facilmente persoas relevantes que continúan hoxe a misión de Xesús e exponlle ao grupo en que consiste esta actualización.	Sabe elixir persoas destacadas e comúns que actualizan a misión de Xesús hoxe e explica con exemplos ben fundamentados o seu labor.

TERCEIRO TRIMESTRE: BLOQUE IV, UNIDADES 6 E 7				
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	NIVEIS DE DESENVOLVEMENTO			
	1 Pouco adecuado	2 Adecuado	3 Moi adecuado	4 Excelente
IV.1.1 Elabora xuízos a partir de testemuños que exemplifiquen unha forma nova de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade. (CCL, CAA, CSIEE, CCEC)	Cústalle traballo elaborar os seus propios xuízos sobre os testemuños.	Identifica nos testemuños novos modos de usar a razón e a liberdade e de expresar afectividade, pero os seus xuízos son superficiais.	Establece xuízos partindo de testemuños que sirvan de exemplo de novas formas de usar a razón e a liberdade e de novas expresións da afectividade.	Elabora xuízos ben fundamentados e presentados, a partir de testemuños que exemplifiquen unha forma nova de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade.
IV.1.2 Adquire o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen. (CAA, CSC, CSIEE)	É pouco proclive á reflexión e cústalle establecer este hábito, ou non discrimina o ben entre as opcións dadas.	Empeza a reflexionar e a establecer criterios de procura do ben ante as eleccións que se lle presentan.	Interioriza o hábito de reflexionar para buscar o ben ante as diferentes eleccións.	Establece o hábito da reflexión como parte da súa conduta, dilucidando sempre na busca do ben.
IV.1.3 É consciente das diferentes formas de vivir a afectividade e prefire a que recoñece como máis humana. (CAA, CSC, CCEC)	Non é capaz de identificar unha en concreto entre as distintas formas de vivir a afectividade.	Coñece a existencia de distintas formas de vivir a afectividade e amosa a súa preferencia pola que recoñece como máis humana.	É consciente de que existen distintas formas de vivir a afectividade e distíngueas entre si, elixindo a máis humana.	Toma conciencia de que hai diferentes formas de afectividade, distíngueas e respéctaa. Elixe conscientemente a que recoñece como máis humana.
IV.2.1 Identifica persoas que son autoridade na súa vida e explica como recoñece nelas a verdade. (CCL, CAA, CSC)	Cústalle distinguir os conceptos de autoridade e poder, polo que non distingue nas autoridades a verdade.	Entende que a autoridade se basea na verdade e pode identificar algunha persoa que recoñece como autoridade.	Identifica persoas que son autoridade na súa vida e explica como recoñece nelas a verdade.	Identifica persoas que son autoridade na súa vida e é capaz de transmitir, con respecto e claridade, o modo no que ve nestas persoas a verdade.
IV.2.2 Recoñece e valora na Igrexa distintas figuras que son autoridade, polo servizo ou polo testemuño. (CAA, CSC, CCEC)	Coñece a existencia de figuras de autoridade dentro da Igrexa, pero non comprende por que lles é dada.	Coñece as distintas figuras de autoridade na Igrexa e recoñece que a teñen por servizo ou por testemuño.	Recoñece dentro da Igrexa as diferentes figuras de autoridade. Dentro delas, distingue as que o son polo servizo ou polo testemuño.	Valora a existencia das figuras de autoridade dentro da Igrexa. Recoñece a súa valía a partir dos testemuños ou o servizo que ofrecen, respectándoas e tomándoas como exemplo de vida.
IV.2.3 Localiza e xustifica tres acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano. (CCL, CSIEE, CCEC)	Non completa a procura ou faino de forma incorrecta, sen atopar acontecementos adecuados.	Atopa tres acontecementos históricos nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano.	Localiza e xustifica tres momentos da historia nos que a Igrexa interveu para defender a verdade do ser humano.	Localiza máis de tres acontecementos históricos nos que a Igrexa é decisiva e sabe xustificar a intervención na defensa da verdade do ser humano con argumentos

TERCEIRO TRIMESTRE: BLOQUE IV, UNIDADES 6 E 7				
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	NIVEIS DE DESENVOLVEMENTO			
	1 Pouco adecuado	2 Adecuado	3 Moi adecuado	4 Excelente
				coherentes e adecuados.
IV.3.1 Investiga e debate sobre as iniciativas eclesiais da súa contorna que colaboran na construción da civilización do amor. (CCL, CAA, CSC, CSIEE, CCEC)	Presenta pouco interese en investigar sobre as iniciativas eclesiais da súa contorna, ou ben non comprende que colaboren na construción da civilización do amor.	Atopa algunhas iniciativas eclesiais da súa contorna que colaboran na construción da civilización do amor e presenta o seu labor de modo básico.	Investiga e debate sobre as iniciativas eclesiais da súa contorna que colaboran na construción da civilización do amor.	Leva ao grupo información exhaustiva sobre os distintos labores eclesiais da súa contorna que colaboran na construción da civilización do amor e debate sobre o seu traballo con achegas orixinais.

4. Perfil competencial

COMP. CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
CCL	I.1.1 Identifica e clasifica os trazos principais (ensinanza, comportamento e culto) nas relixións monoteístas.	ESCRITOS: - Tarefas escritas correspondentes ás actividades diarias. - Propostas escritas do Libro Dixital Interactivo. - Presentacións enmarcadas nos traballos cooperativos. - Tarefas escritas dos apartados «Aprende a...» e «Testemuño». ORAIS: - Participación en debates. - Posta en común das cuestións xurdidas das Rutinas de pensamento. - Exposición dos resultados das tarefas da apartado «María é...». - Posta en común das actividades colaborativas.
	I.1.2 Busca información e preséntalle ao grupo as respostas das distintas relixións ás preguntas de sentido.	
	2.1 Razona por que a revelación é a plenitude da experiencia relixiosa.	
	I. 2.2 Analiza e debate as principais diferenzas entre a revelación de Deus e as relixións.	
	II.1.1 Identifica e aprecia a fidelidade permanente de Deus que atopa na historia de Israel.	
	II.2.1 Identifica, clasifica e compara os trazos do Mesías que sofre e o Mesías político.	
	III.2.1 Le de maneira comprensiva un evanxeo, identifica e describe a misión salvífica de Xesús.	
	III.2.2 Busca e identifica persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús e expón en grupo por que continúan a misión de Xesús.	
	IV.1.1 Elabora xuízos a partir de testemuños que exemplifiquen unha forma nova de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade.	
	IV.2.1 Identifica persoas que son autoridade na súa vida e explica como reconece nelas a verdade.	
IV.2.3 Localiza e xustifica tres acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano.		
IV.3.1 Investiga e debate sobre as iniciativas eclesiais da súa contorna que colaboran na construción da civilización do amor.		
CAA	I.1.1 Identifica e clasifica os trazos principais (ensinanza, comportamento e culto) nas relixións monoteístas.	OBSERVACIÓN DIRECTA E SISTEMÁTICA: - Actitude cara aos compañeiros e
	I.1.2 Busca información e preséntalles ao grupo as respostas das distintas relixións ás preguntas de sentido.	
	I.2.1 Razona por que a revelación é a plenitude da experiencia relixiosa.	

	<p>II.1.1 Identifica e aprecia a fidelidade permanente de Deus que atopa na historia de Israel.</p> <p>II.1.2 Toma conciencia e agradece os momentos da súa historia nos que reconece a fidelidade de Deus.</p> <p>II.2.2 Esfórzase por comprender a novidade do Mesías que sofre como criterio de vida.</p> <p>III.1.1 Localiza, selecciona e argumenta en textos evanxélicos a chamada de Xesús.</p> <p>IV.1.1 Elabora xuízos a partir de testemuños que exemplifiquen unha forma nova de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade.</p> <p>IV.1.2 Adquire o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen.</p> <p>IV.1.3 É consciente das diferentes formas de vivir a afectividade e prefere a que reconece como máis humana.</p> <p>IV.2.1 Identifica persoas que son autoridade na súa vida e explica como reconece nelas a verdade.</p> <p>IV.2.2 Reconece e valora na Igrexa distintas figuras que son autoridade, polo servizo ou polo testemuño.</p>	<p>compañeiras nas actividades colaborativas.</p> <p>- Participación nas actividades do día a día.</p> <p>- Amosa de interese nas actividades voluntarias e na ampliación de coñecementos.</p>
CD	<p>I.1.1 Identifica e clasifica os trazos principais (ensinanza, comportamento e culto) nas relixións monoteístas.</p> <p>IV.3.1 Investiga e debate sobre as iniciativas eclesiais da súa contorna que colaboran na construción da civilización do amor.</p>	
CCEC	<p>I.1.1 Identifica e clasifica os trazos principais (ensinanza, comportamento e culto) nas relixións monoteístas.</p> <p>I.1.2 Busca información e preséntalle ao grupo as respostas das distintas relixións ás preguntas de sentido.</p> <p>I.2.2 Analiza e debate as principais diferenzas entre a revelación de Deus e as relixións.</p> <p>II.1.1 Identifica e aprecia a fidelidade permanente de Deus que atopa na historia de Israel.</p> <p>II.2.1 Identifica, clasifica e compara os trazos do Mesías que sofre e o Mesías político.</p> <p>IV.1.3 É consciente das diferentes formas de vivir a afectividade e prefere a que reconece como máis humana.</p> <p>IV.2.2 Reconece e valora na Igrexa distintas figuras que son autoridade, polo servizo ou polo testemuño.</p>	

	IV.2.3 Localiza e xustifica tres acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano.
	IV.3.1 Investiga e debate sobre as iniciativas eclesiais da súa contorna que colaboran na construción da civilización do amor.
CSIEE	I.2.2 Analiza e debate as principais diferenzas entre a revelación de Deus e as relixións.
	II.1.2 Toma conciencia e agradece os momentos da súa historia nos que reconece a fidelidade de Deus.
	III.2.2 Busca e identifica persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús e expón en grupo por que continúan a misión de Xesús.
	IV.1.1 Elabora xuízos a partir de testemuños que exemplifiquen unha forma nova de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade.
	IV.1.2 Adquire o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen.
	IV.2.3 Localiza e xustifica tres acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano.
	IV.3.1 Investiga e debate sobre as iniciativas eclesiais da súa contorna que colaboran na construción da civilización do amor.
CSC	I.2.2 Analiza e debate as principais diferenzas entre a revelación de Deus e as relixións.
	II.2.2 Esfórzase por comprender a novidade do Mesías que sofre como criterio de vida.
	III.2.1 Le de maneira comprensiva un evanxeo, identifica e describe a misión salvífica de Xesús.
	III.2.2 Busca e identifica persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús e expón en grupo por que continúan a misión de Xesús.
	IV.1.2 Adquire o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen.
	IV.1.3 É consciente das diferentes formas de vivir a afectividade e prefire a que reconece como máis humana.
	IV.2.1 Identifica persoas que son autoridade na súa vida e explica como reconece nelas a verdade.
	IV.2.2 Reconece e valora na Igrexa distintas figuras que son autoridade, polo servizo ou polo testemuño.
	IV.3.1 Investiga e debate sobre as iniciativas eclesiais da súa contorna que colaboran na construción da civilización do amor.

5. Criterios de promoción de Relixión Católica de Cuarto curso

Estándares de aprendizaxe avaliáveis imprescindíbeis

Estándares de aprendizaxe avaliáveis imprescindíbeis Relixión Católica. Cuarto curso	Competencias clave
1.1 Identifica e clasifica os trazos principais (ensinanza, comportamento e culto) nas relixións monoteístas.	CCL, CD, CAA, CCEC
1.2 Busca información e preséntalle ao grupo as respostas das distintas relixións ás preguntas de sentido.	CCL, CAA, CCEC
2.1 Razona por que a revelación é a plenitude da experiencia relixiosa.	CCL, CAA
2.2 Analiza e debate as principais diferenzas entre a revelación de Deus e as relixións.	CCL, CSC, CSIEE, CCEC
1.1 Identifica e aprecia a fidelidade permanente de Deus que atopa na historia de Israel.	CAA, CCEC
1.2 Toma conciencia e agradece os momentos da súa historia nos que reconece a fidelidade de Deus.	CAA, CSIEE
2.1 Identifica, clasifica e compara os trazos do Mesías que sofre e o Mesías político.	CCL, CCEC
2.2 Esfórzase por comprender a novidade do Mesías que sofre como criterio de vida.	CAA, CSC
1.1 Localiza, selecciona e argumenta en textos evanxélicos a chamada de Xesús.	CCL, CAA
2.1 Le de maneira comprensiva un evanxeo, identifica e describe a misión salvífica de Xesús.	CCL, CSC
2.2 Busca e identifica persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús e expón en grupo por que continúan a misión de Xesús.	CCL, CSC, CSIEE
1.1 Elabora xuízos a partir de testemuños que exemplifiquen unha forma nova de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade.	CCL, CAA, CSIEE, CCEC
1.2 Adquire o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen.	CAA, CSC, CSIEE
1.3 É consciente das diferentes formas de vivir a afectividade e prefire a que reconece como máis humana.	CAA, CSC, CCEC
2.1 Identifica persoas que son autoridade na súa vida e explica como reconece nelas a verdade.	CCL, CAA, CSC
2.2 Reconece e valora na Igrexa distintas figuras que son autoridade, polo servizo ou polo testemuño.	CAA, CSC, CCEC
2.3 Localiza e xustifica tres acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano.	CCL, CSIEE, CCEC
3.1 Investiga e debate sobre as iniciativas eclesiais da súa contorna que colaboran na construción da civilización do amor.	CCL, CD, CSC, CSIEE, CCEC

	Criterios xerais
1. Traballo autónomo (aula e outros espazos)	<ul style="list-style-type: none"> • Realización sen axuda externa. • Estimación do tempo investido para resolver unha actividade. • Grao de adquisición de aprendizaxes básicas. • Orde e limpeza na presentación. • Uso adecuado de instrumentos e recursos propios da materia. • Emprego de esquemas. • Revisión do traballo antes de dalo por finalizado. • Valoración do traballo na aula e na casa. • Creatividade.
2. Probas orais e escritas	<ul style="list-style-type: none"> • Valoración da aprendizaxe dos contidos. • Valoración dos procesos seguidos e dos resultados. • Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade. • Coherencia e adecuación. • Valoración do tempo investido e o tempo necesario para resolver unha actividade. • Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado. • Caligrafía adecuada. • Tempo de realización. • Destrezas.
3. Actividades TIC	<ul style="list-style-type: none"> • Uso adecuado e guiado do ordenador e dalgunha ferramenta telemática. • Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou para resolver unha actividade. • Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningunha). • Grao de elaboración da resposta. • Interese, motivación. • Destrezas. • Capacidade de sintetizar e seleccionar de forma crítica contidos de Internet.
4. Participación e seguimento das clases	<ul style="list-style-type: none"> • Nivel e adecuación das intervencións. • Emprego dunha estrutura clara nas mensaxes. • Uso de vocabulario adecuado. • Comportamento na clase. • Interese e esforzo.
5. Traballo cooperativo. Valoración individual e grupal	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de traballar de forma colaborativa. • Comunicación adecuada cos compañeiros. • Resolución de conflitos. • Interese e motivación. • Iniciativa. • Opinión persoal e valoración crítica do traballo en cooperación.
Informe de traballo individual	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación clara e ordenada. • Actualización. • Xustificación dos traballos seleccionados no informe.

6. Criterios de recuperación

- A avaliación de cada unidade lévase a cabo a partir dunha serie de actividades que apuntan á adquisición dunha ou de varias competencias, de forma que a avaliación dos estándares correspondentes a cada unidade se converta nunha avaliación competencial.

Recuperación dunha avaliación

- Cada avaliación recupérase coa avaliación seguinte segundo os mecanismos que estableza o profesor/a.
- No caso de que non se superase algunha recuperación, proporase unha proba final escrita sobre contidos da avaliación ou as avaliacións en cuestión.
- Valorarase a presentación dun informe de traballo con actividades referidas aos contidos mínimos do curso.

Materia pendente do curso anterior

- Entrega trimestral, segundo datas establecidas, de actividades e traballos propostos e guiados polo/a docente responsable da materia de Relixión Católica.
- Exercicio escrito de contidos mínimos.

7. Ensinanzas transversais

Na Educación Secundaria Obrigatoria elementos como a comprensión lectora, a expresión oral, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional trabállanse en todas as materias. Da mesma maneira, foméntase o desenvolvemento de valores como a igualdade entre homes e mulleres e a non-discriminación por condicións circunstanciais persoais ou sociais. A ensinanza transversal tamén inclúe a educación na resolución pacífica de conflitos e valores que sustente a liberdade, a xustiza, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos. De entre estas ensinanzas transversais, Relixión Católica 4º ESO traballa especialmente:

Educación moral e cívica:

3. Valoración das distintas modalidades de afectividade e respecto pola necesidade de sentirse amado que ten cada ser humano.
4. Disposición a formarse unha conciencia moral.
5. Disposición a recoñecer as actitudes que favorecen o encontro persoal cos demais.
6. Recoñecemento dos valores cristiáns e da súa capacidade para influír na cultura actual.

Educación para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres:

- Comprensión das repercusións da mensaxe e a forma de actuar de Xesús, que anima aos cambios nas persoas coas que se atopa.
- Recoñecemento da universalidade da mensaxe cristiá.
- Valoración da figura de María, dotándoa de entidade propia dentro da mensaxe cristiá.

Educación do consumidor:

- Valoración das iniciativas solidarias e disposición a participar nelas.
- Toma de conciencia da forma de vida baseada na pobreza evanxélica pola que optaron moitos cristiáns e cristiás, relativizando a posesión de moitos bens superfluos.
- Mostra de interese polo servizo aos demais como parte da nosa misión no mundo.

Educación para a paz:

5. Valoración dos aspectos positivos que achegan todas as respostas relixiosas ás preguntas que se formulan as persoas.
6. Coñecemento e comprensión das alternativas que ofrecen outras culturas.
7. Integración da Civilización do Amor na vida diaria.

Educación para a saúde:

- Adquisición dun concepto integral de saúde, entendendo como parte dela a saúde afectiva.

Educación para a resolución pacífica de conflitos:

- Valoración da confianza mutua, da liberdade e do respecto para a consecución dunha convivencia pacífica.
- Aceptación da mensaxe evanxélica que convida a tratar o próximo como a un mesmo.

8. Metodoloxía

Na ESO, a materia de Relixión Católica busca afondar nos coñecementos xa adquiridos durante a Educación Primaria. Os contidos propóñense como unha resposta vivencial á procura dos alumnos e seguen a orde dos bloques establecidos no currículo de Relixión:

- a) O sentido relixioso do home.
- b) Deus intervéñ na historia.
- c) Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación.
- d) Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa.

Cada unidade empeza cunha invitación a traballar unha imaxe cunha rutina de pensamento distinta, e termina cunha proposta de mapa mental que axuda o alumno/á elaborar a súa propia síntese da unidade. Así mesmo, as diferentes técnicas de traballo cooperativo están presentes en cada unha das unidades, e moitas das actividades apuntan ás diversas intelixencias múltiples. Respecto do resto de materias, a materia de Relixión Católica distínguese por un traballo máis continuado da dimensión interior.

A forma concreta en que se traballan os contidos baséase nos procedementos que enumeramos:

Recoñecemento do rol do docente. O docente é peza clave na elaboración e implementación de actividades de aula axustadas ao grupo concreto ao que está a ensinar. A súa formación resulta, polo tanto, fundamental á hora de garantir o éxito do proceso de aprendizaxe.

Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa. Combínase, de maneira adecuada o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais.

Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes. Aténdese á diversidade, tendo en conta os distintos estilos de aprendizaxe, para lograr un equilibrio entre eles e permitir o desenvolvemento individual.

Consideración da dimensión humanista. A materia de Relixión Católica, desde a súa clave personalizadora, require que todo tipo de aprendizaxes, instrumentais, cognitivas, actitudinais ou socioafectivas, estean ao servizo da formación integral do ser humano.

Respecto pola curiosidade e as inquietudes dos estudantes. Téñense en consideración os intereses e as expectativas dos estudantes, así como os seus coñecementos previos, de maneira que se garanta unha aprendizaxe significativa.

Seguimento dos criterios de avaliación educativa. Aplícase unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensino e aprendizaxe, e sumativa ao final do proceso.

Desenvolvemento da aprendizaxe en equipo e/ou cooperativo. O estudo e reflexión do cristianismo, pola súa intrínseca dimensión comunitaria, é unha materia adecuada para desenvolver o traballo en equipo e a aprendizaxe cooperativa.

Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos. Promóvese a utilización da tecnoloxía da información e a comunicación non só dunha maneira instrumental, que resulte útil para o estudante na procura de información ou na resolución de problemas expostos na clase, senón tamén procurando a súa integración na vida do alumno/a e o seu uso ético.

<p>TÉCNICAS COOPERATIVAS</p> <p>Propostas para mellorar a responsabilidade individual, as relacións sociais, a interdependencia positiva e o respecto aos demais. Destacan as técnicas de: folio xiratorio, crebacabezas, lecturas compartidas e 1-2-4 (individual, parellas, común).</p> <p>Unidade 1: -Actividade 3. -Avaliación competencial 1, traballo de investigación en equipo.</p> <p>Unidade 2: -Traballo cooperativo en actividades 6 e 9.</p> <p>Unidade 3: -Traballo cooperativo en actividades 4 e 10. -Avaliación competencial, traballo en equipo.</p> <p>Unidade 4: -Traballo cooperativo en actividades 1 e 7.</p> <p>Unidade 5: -Traballo cooperativo en actividades 2 e 6.</p> <p>Unidade 6: -Traballo cooperativo en actividade 4 e traballo en parellas en actividade 10.</p> <p>Unidade 7: Traballo cooperativo en actividade 9.</p>	<p>PENSAMENTO CRÍTICO E RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS: RUTINAS DE PENSAMENTO</p> <p>Dinámicas estruturadas para aprender a pensar.</p> <p>-Preguntas creativas: <i>unidade 1</i></p> <p>-CSI: cor, símbolo e imaxe: <i>unidade 2.</i></p> <p>-Círculo de puntos de vista: <i>unidade 3.</i></p> <p>-Vexo-Penso-Pregúntome: <i>unidade 4.</i></p> <p>-3, 2, 1, Ponte: <i>unidade 5.</i></p> <p>-Titulares: <i>unidade 6.</i></p> <p>-Principio, medio, final: <i>unidade 7.</i></p>	<p>DESTREZAS DE PENSAMENTO</p> <p>Aparecen integradas ao longo das actividades.</p> <p>Para clarificar ideas:</p> <ol style="list-style-type: none"> 5. <i>Comparar e contrastar por medio de esquemas as propostas de fe.</i> 6. <i>Comparar a idea do Mesías en distintos momentos e relixións.</i> 7. <i>Clasificar e definir elementos das distintas relixións.</i> 8. <i>Relacionar todo/parte.</i> 9. <i>Secuenciar historicamente.</i> 10. <i>Mapas mentais para completar ou analizar.</i> <p>Para fomentar o pensamento crítico:</p> <ol style="list-style-type: none"> 11. <i>Razoar por analoxía, facendo comparacións con imaxes, textos etc.</i> 12. <i>Deducir por medio de hipóteses, é dicir, participando activamente no pensamento dedutivo ou indutivo.</i> <p>Para fomentar o pensamento creativo:</p> <ol style="list-style-type: none"> 13. <i>Chuvia de ideas.</i> 14. <i>Xerar novas ideas a partir de propostas analizadas.</i> 15. <i>Elaborar metáforas que sirvan para comprender conceptos e fixalos.</i> 16. <i>Resolver problemas por medio da toma de resolucións.</i>
<p>TESTEMUÑOS</p> <p>Visións vivas de testemuñas da fe.</p> <p>Unidade 1: Alcanzados por Deus. Unidade 4: Paz na dor.</p>	<p>MARÍA É...</p> <p>Presentación de carismas marianos relacionados coa temática da unidade.</p> <p>Unidade 2: Nai Inmaculada. Unidade 5: Nai da humanidade. Unidade 7: Raíña da Igrexa.</p>	<p>APRENDE A...</p> <p>Técnicas de análises de elementos evanxélicos.</p> <p>Unidade 3: Analizar unha parábola. Unidade 6: Analizar un signo de Xesús.</p>
<p>APRENDIZAXE 360º</p> <p>A aprendizaxe 360º quere aproveitar as experiencias de persoas na sociedade para incorporalas á actividade na escola. Esta realidade chega ao alumnado a través de testemuños (apuntados no seu apartado) e por medio de actividades de investigación no seu medio, que levan a saír da aula tanto</p>	<p>COMPETENCIAS: ALGO + QUE...</p> <p>Os apartados «Algo + que...» ofrecen propostas para ler, mirar, escoitar, navegar ou investigar documentos dixitais acerca dos diversos contidos que se traballan na unidade. Neles intégranse de forma directa ou transversal</p>	<p>APRENDIZAXE-SERVIZO:</p> <p>Ao longo das unidades propóñense cuestións que levan o alumnado a reflexionar sobre o papel activo dos cristiáns na sociedade e anímanse a poñer en práctica as súas reflexións. Como exemplos:</p> <p>Unidade 1: actividades 7 e 11. Unidade 2: actividade 3. Unidade 5: actividade 6.</p>

<p>TÉCNICAS COOPERATIVAS</p> <p>Propostas para mellorar a responsabilidade individual, as relacións sociais, a interdependencia positiva e o respecto aos demais. Destacan as técnicas de: folio xiratorio, crebacabezas, lecturas compartidas e 1-2-4 (individual, parellas, común).</p> <p>Unidade 1: -Actividade 3. -Avaliación competencial 1, traballo de investigación en equipo.</p> <p>Unidade 2: -Traballo cooperativo en actividades 6 e 9.</p> <p>Unidade 3: -Traballo cooperativo en actividades 4 e 10. -Avaliación competencial, traballo en equipo.</p> <p>Unidade 4: -Traballo cooperativo en actividades 1 e 7.</p> <p>Unidade 5: -Traballo cooperativo en actividades 2 e 6.</p> <p>Unidade 6: -Traballo cooperativo en actividade 4 e traballo en parellas en actividade 10.</p> <p>Unidade 7: Traballo cooperativo en actividade 9.</p>	<p>PENSAMENTO CRÍTICO E RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS: RUTINAS DE PENSAMENTO</p> <p>Dinámicas estruturadas para aprender a pensar.</p> <p>-Preguntas creativas: <i>unidade 1</i></p> <p>-CSI: cor, símbolo e imaxe: <i>unidade 2.</i></p> <p>-Círculo de puntos de vista: <i>unidade 3.</i></p> <p>-Vexo-Penso-Pregúntome: <i>unidade 4.</i></p> <p>-3, 2, 1, Ponte: <i>unidade 5.</i></p> <p>-Titulares: <i>unidade 6.</i></p> <p>-Principio, medio, final: <i>unidade 7.</i></p>	<p>DESTREZAS DE PENSAMENTO</p> <p>Aparecen integradas ao longo das actividades.</p> <p>Para clarificar ideas:</p> <ol style="list-style-type: none"> 5. Comparar e contrastar por medio de esquemas as propostas de fe. 6. Comparar a idea do Mesías en distintos momentos e relixións. 7. Clasificar e definir elementos das distintas relixións. 8. Relacionar todo/parte. 9. Secuenciar historicamente. 10. Mapas mentais para completar ou analizar. <p>Para fomentar o pensamento crítico:</p> <ol style="list-style-type: none"> 11. Razoar por analoxía, facendo comparacións con imaxes, textos etc. 12. Deducir por medio de hipóteses, é dicir, participando activamente no pensamento dedutivo ou indutivo. <p>Para fomentar o pensamento creativo:</p> <ol style="list-style-type: none"> 13. Chuvia de ideas. 14. Xerar novas ideas a partir de propostas analizadas. 15. Elaborar metáforas que sirvan para comprender conceptos e fixalos. 16. Resolver problemas por medio da toma de resolucións.
<p>TESTEMUÑOS</p> <p>Visións vivas de testemuñas da fe.</p> <p>Unidade 1: Alcanzados por Deus. Unidade 4: Paz na dor.</p>	<p>MARÍA É...</p> <p>Presentación de carismas marianos relacionados coa temática da unidade.</p> <p>Unidade 2: Nai Inmaculada. Unidade 5: Nai da humanidade. Unidade 7: Raíña da Igrexa.</p>	<p>APRENDE A...</p> <p>Técnicas de análises de elementos evanxélicos.</p> <p>Unidade 3: Analizar unha parábola. Unidade 6: Analizar un signo de Xesús.</p>
<p>teórica como practicamente.</p>	<p>as principais competencias.</p>	<p>Unidade 6: actividade 6. Unidade 7: actividades 4, 8 e 9. Amañar as caixas e o texto!!!</p>

9. Organización dos espazos e do tempo

ESPAZO	TEMPO: 1 hora semanal
<p>Aula</p> <p>Adaptable segundo as necesidades da actividade (utilización de encerado dixital, traballo en grupo, traballo en parellas, elaboración de actividades manuais, visualización de vídeos etc.).</p> <p>Espazos exteriores</p> <p>Especialmente indicados para o traballo autónomo (bibliotecas, casa, salas de estudo...) ou para a aprendizaxe en grupo no caso de visitas a organizacións, parroquias, lugares sagrados etc.</p>	

10. Materiais e Recursos Didácticos

Libro do alumno *Relixión Católica* 4ESO.

Libro Dixital Interactivo.

Biblioteca de Recursos.

Recursos para a aula: recursos web, filmografía e bibliografía, fichas de competencias e fichas para a adaptación curricular.

Material para traballar a Educación emocional.

Proxectos de Aprendizaxe e Servizo.

Xerador de avaliacións.

Portfolio e e-portfolio.

Ordenador.

Encerado dixital.

11. Atención á diversidade

O proxecto de Relixión Católica para a ESO incorpora actividades, recursos e propostas para atender a diversidade na aula, como os indicados deseguido:

- **ENFOQUE PREVENTIVO:** Por medio de materiais complementarios e indicacións, identifícanse os contidos que poden ofrecer maior dificultade de comprensión e danse orientacións para que o profesor/a xestione a diversidade na aula.
- **ADAPTACIÓN CURRICULAR** (no «Material complementario»):
 - (BÁSICA): os contidos nucleares da unidade didáctica preséntanse de forma pautada, con apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos.
 - (AMPLIACIÓN): fichas fotocopiabiles con actividades de maior dificultade na súa resolución, polo tratamento doutros contidos relacionados cos do curso etc.
- **COMPETENCIAS E INTELIXENCIAS MÚLTIPLES:** contéplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes mediante a lectura, o movemento, a representación plástica, a dramatización...
- **PLANS INDIVIDUAIS** dirixidos a alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación).
- **ACTIVIDADES MULTINIVEL:** posibilitan que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axusten ao seu nivel de competencia curricular, e aos seus intereses, habilidades e motivacións. Deste xeito, nunha mesma clase posibilitase traballar en diferentes niveis, segundo as habilidades de cada alumno/a. Desta maneira, favorécese unha división de tarefas entre os alumnos acorde aos seus intereses ou habilidades.
- **TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN:** traballos que permiten a ampliación na temática. Están situados ao longo das unidades, pero destacan os previstos en paralelo aos «Testemuños».
- **LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE:**

En cada unidade aparecen textos de fontes bíblicas e eclesiais que se poden traballar na aula ou individualmente. Cada unha das unidades conta con numerosas propostas multimedia nos apartados «Algo + que...».

Resulta moi útil para facilitar a lectura e consulta autónoma o glosario final, no que se atopan definidos os termos fundamentais de cada unidade.

12. Estratexias para estimular o interese e o hábito da lectura e a mellora da expresión oral e escrita

Lectura

- Lectura comprensiva de información sobre temas relixiosos e sociais.
- Lectura comprensiva de información propia da Igrexa ou doutras institucións nos seus textos orixinais ou adaptados.
- Lectura comprensiva de fontes bíblicas.
- Lectura de información diversa procedente de páxinas web propostas para obter ou ampliar información, investigar e acceder a recursos *on-line*.
- Utilización de estratexias de comprensión lectora:
 - Lectura silenciosa para a autorregulación da comprensión.
 - Elaboración de síntese, esquemas, mapas conceptuais ou resumos para tomar conciencia da propia comprensión.

Expresión

- Exposición oral e escrita en razoamentos, actividades e traballos individuais, actividades en grupo etc.
- Expresión adecuada oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.
- Exposición oral e escrita con diferentes finalidades: informar, instruír, compartir etc.

13. Estratexias para incorporar as TIC na aula

<i>Libro Dixital Interactivo</i>	Libro proxectable que incorpora elementos de interactividade: actividades, ligazóns, animacións...
<i>Actividades interactivas</i>	Propostas de selección múltiple, completión, orde etc., que contan coa posibilidade de autocorrección.
<i>Ligazóns a Internet</i>	Colección de ligazóns a Internet que remiten a documentos visuais ou sonoros de alto interese.
<i>Vídeos</i>	Colección de fragmentos de vídeos que serven de apoio a contidos do libro do alumno.
<i>Animacións</i>	Favorecen unha maior comprensión dos contidos pola súa visualización.

14. Iniciativa emprendedora

A iniciativa emprendedora, nun sentido amplo, é a «habilidade de transformar as ideas en actos». Require dúas calidades fundamentais: actitude proactiva, para ir máis aló do xa establecido, e constancia para alcanzar os obxectivos que un se propuxo. Relixión Católica de 4.º ESO conforma coas súas achegas un modo de vivir e ser no mundo, de forma que os valores, principios e actitudes que promove achegan ao alumnado unha forma cooperativa e crítica de convivir na sociedade.

En Relixión Católica de cuarto curso propóñense diversos proxectos para realizar en equipo, nos que o alumnado deberá ter en conta:

A capacidade de análise; planificación, organización, xestión e toma de decisións; resolución de problemas; habilidade para traballar individualmente e colaborativamente en equipo; responsabilidade; avaliación e autoavaliación.

A capacidade creadora e de innovación: creatividade e imaxinación; autocoñecemento e autoestima; autonomía e independencia; esforzo, constancia e disciplina; iniciativa e innovación.

A capacidade de comprensión e asunción de riscos e de manexo da incerteza.

A capacidade de liderar e de delegar.

A capacidade de sentido crítico, compromiso e responsabilidade.

Destacan as actividades marcadas co enunciado «Traballo cooperativo», pero existen outras propostas nas que o alumnado debe tomar decisións relacionadas coa iniciativa emprendedora, como aquelas nas que se propón achegarse a institucións ou a persoas para buscar información de primeira man e levar a cabo iniciativas de acción social.

15. Actividades complementarias e extraescolares

Relación das actividades complementarias e extraescolares planificadas polo centro e relacionadas coa materia de Relixión Católica.

Exemplo:

- Participación nas celebracións propias da zona e as xerais de «Día de...» que se realicen no centro.
- Asistencia a xornadas, conferencias etc., interesantes desde o punto de vista da área.
- Participación en talleres ofrecidos pola contorna que poidan achegar valor á materia.
- Visita a institucións nos que se desenvolvan labores relacionados coa contidos da área.
- Asistencia a espectáculos relacionados con temas tratados na materia (teatro, concertos...).
- Visita a exposicións temporais, museos ou centros artísticos relacionadas cos temas estudados.
- Participación en voluntariados temporais ou permanentes.

16. Procedementos para valorar o axuste entre a Programación Didáctica e os resultados

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA		RESULTADOS ACADÉMICOS	PROPOSTAS DE MELLORA
Preparación da clase e dos materiais didácticos	Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento da clase.		
	Existe unha distribución temporal equilibrada.		
	Adecúase o desenvolvemento da clase coas características do grupo.		
Utilización dunha metodoloxía adecuada	Tivéronse en conta aprendizaxes significativas.		
	Considérase a interdisciplinabilidade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).		
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.		
	A metodoloxía inclúe o traballo de competencias e intelixencias múltiples.		
Regularización da práctica docente	Grao de seguimento dos alumnos.		
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.		
	Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.		
Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias	Os estándares de aprendizaxe avaliábelos atópanse vinculados ás competencias, contidos e criterios de avaliación.		
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.		
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.		
	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronselles a coñecer: - Aos alumnos. - Ás familias.		
Utilización de medidas para a atención á diversidade	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.		
	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.		
	As medidas e recursos ofrecidos foron suficientes.		
	Aplícanse medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo os informes psicopedagóxicos.		

2º BACHARELATO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Procedementos e instrumentos de avaliación(2º Bach).

Nos *procedementos de avaliación* recollemos todos os métodos que fan posible contrastar o grao de aprendizaxe da materia tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo.

Como novidade LOMCE teremos en conta os estándares de aprendizaxe para avalialos e farémolo con varios métodos.

Os métodos agrúpamolos en catro grandes bloques: observación na aula, producións escritas e dixitais, intervencións orais e probas específicas.

AVALIACIÓN ORDINARIA

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, unha por cada trimestre. A deste último coincidirá coa avaliación fina ordinaria do mes de xuño.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Estará baseada nos graos mínimos de consecución que constan nesta Programación Didáctica.

Os *instrumentos de avaliación* constitúen o soporte físico que se emprega para recoller a información sobre as aprendizaxes esperadas dos alumnos.correspondentes aos procedementos de avaliación subliñados anteriormente:

- » Observación sistemática. Leva consigo a observación das actitudes manifestadas polo alumno e das súas respostas ás tarefas suxeridas a cotío no aula. Comprobación de respecto aos compañeiros/as, á orde na clase, ao profesor/a, aos materiais propios e alleos. Valoración de se o alumno acepta ou non os roles asignados, axuda a organizar o grupo, coopera nas tarefas comúns. OB
- » Producións do alumno: Expresión nun caderno de clase e/ou nun blog das actividades realizadas. Resolución de exercicios e prácticas realizadas na clase. Elaboración de resumos, monografías,informes.PA
- » Expresións orais: Conversación co alumno para medir a súa implicación nos temas desenvolvidos na clase: valoración da súa creatividade e investigación persoal. Valoración no diálogo do seu grado de interese pola materia, do seu comportamento, da integración cando o traballo sexa en grupo. Participación positiva nas postas en común.Respecto ás quendas nos debates.EO
- » Probas específicas: probas tipo test e cuestionarios. (A verdadeiro ou falso, a encher espazos en branco, a aparellar e de selección múltiple). Exposición de un tema. Interpretación de datos.PE

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ↓	OB	PA	EO	PE
Reflexiona sobre acontecementos mostrados nos medios de comunicación e emite xuízos de valor sobre a necesidade de sentido.	10%	30%	40%	20%
Identifica e diferencia a diversidade de respostas salvíficas que mostran as relixións.	50%	20%	10%	20%
Descobre, a partir dun visionado que mostre a inxustiza, a incapacidade da lei para fundamentar a dignidade humana. Compara con textos eclesiales que vinculan a dignidade do ser humano á súa condición de creatura.	20%	30%		50%
Investiga, obtén datos estatísticos e analiza sacando conclusións, comportamentos dos mozos que defenden ou atentan contra a dignidade do ser humano.	20%	40%	30%	10%
Cualifica as respostas de sentido que ofrece o ateísmo, agnosticismo ou laicismo e contrástaas coa proposta de salvación que ofrecen as relixións.	40%	30%	10%	20%
Elabora unha definición persoal sobre os termos, legal, ético e moral. Explica públicamente as diferenzas entre os termos coa axuda de medios audiovisuais.	10%	40%	20%	30%
Comprende e define con	40%	30%	20%	10%

palabras persoais o significado de ben común, destino universal dos bens e subsidiariedade. Aplica a situacións concretas devanditos principios xustificando o pensamento social da Igrexa				
Identifica, a través de fontes, os diferentes métodos de coñecer a verdade na filosofía, a teoloxía, a ciencia e a técnica. Distingue que aspectos da realidade permite coñecer cada método.	20%	10%	30%	40%
Recoñece con asombro e esforzase por comprender a orixe divina do cosmos e distingue que non provén do caos ou o azar.	40%	50%		10%
Infórmase con rigor e debate respetuosamente, sobre o caso de Galileo, Servet, etc. Escribe a súa opinión, xustificando razonadamente as consecuencias de ditos conflitos.	10%	30%	50%	10%
Aprende, acepta e respeta que o criterio ético nace do recoñecemento da dignidade humana.	50%			50%
Estuda, analiza e define o concepto de cultura en diferentes épocas e contrastao co carácter antropológico do ensino da Igrexa.		10%	60%	30%
Identifica os elementos propios de diversas culturas e elabora un material audiovisual onde as compare críticamente.		50%	20%	30%
Coñece e respeta os trazos da vida monástica. Identifica a súa influencia na organización social e a	50%	30%		20%

vida laboral.				
Valora o traballo dos monxes por conservar a arte e a cultura grecolatina, elaborando un material audiovisual no que se recolla a síntese do seu estudo		50%	10%	40%
Estuda, analiza e define o concepto de cultura en diferentes épocas e contrástaos co carácter antropológico do ensino da Igrexa.	10%	20%	40%	30%

»

3. Concrecións metodolóxicas que require a materia.

A normativa educativa derivada da LOMCE define metodoloxía didáctica como: «conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.» (Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro). Neste sentido, a asignatura de Relixión Católica utilizará unha metodoloxía centrada na persoa, que respectará os seguintes principios:

- *Recoñecemento do rol do docente.* O docente é peza crave na elaboración da planificación, a elaboración e implementación de actividades de aula axustadas ao grupo concreto que está ensinando, así como á avaliación do proceso. A súa formación e a súa responsabilidade no acompañamento do proceso de crecemento do estudante resulta, polo tanto, fundamental á hora de garantir o éxito do proceso de aprendizaxe.
- *Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa.* Esta atención, centrada na persoa, permite combinar de xeito adecuado o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais.
- *Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes.* Non todos os estudantes son iguais, non todos aprenden á mesma velocidade nin utilizan as mesmas estratexias. A atención á diversidade e o desenvolvemento da inclusión comeza na asunción deste principio fundamental.
- *Consideración da dimensión humanista.* Todas as aprendizaxes están ao servizo da formación humana. A materia de relixión, desde a súa clave personalizadora, require que todo tipo de aprendizaxes, instrumentales, cognitivos, actitudinais, socio afectivos non sexan considerados fin en si mesmo senón que estean ao servizo da formación integral do ser humano.
- *Respecto pola curiosidade e inquietudes dos estudantes.* Consideración dos intereses e expectativas dos estudantes así como dos coñecementos previos, de maneira que se garanta unha aprendizaxe significativa.
- *Seguimento dos criterios de avaliación educativa.* Para facilitar o cumprimento destes principios metodolóxicos aplicarase unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensino e aprendizaxe; e sumativa ao final do proceso, de maneira que se evalúe o nivel de logro alcanzado. A avaliación obxectiva garante unha valoración adecuada da dedicación, esforzo e rendemento de todos os estudantes.
- *Desenvolvemento da aprendizaxe en equipo e/ou cooperativo.* O estudo e reflexión do cristianismo, polo seu intrínseca dimensión comunitaria, é unha materia adecuada para desenvolver o traballo en equipo e a aprendizaxe cooperativo.
- *Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos.* O ensino da relixión promove a utilización da tecnoloxía da información e a comunicación non só dun xeito instrumental, que resulte útil ao estudante na procura de información ou na resolución de problemas suscitados na clase, senón procurando a súa integración na vida do suxeito e o seu uso ético. As redes sociais ou as ferramentas de construción e manipulación de imaxes, por exemplo, son instrumentos que permiten novas formas de expresión da cultura e a identidade persoal que hai que aprender a dominar.

4. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

Cada alumno disporá dun caderno persoal e/ou dun blog no que se irán elaborando e recollendo os recursos didácticos. En xeral botaremos man de:

- * Materiais do repositorio Abalar.
- * Libro dixital coa pizarra dixital.
- * Fichas das carpetas de recursos do Departamento.
- * Documentos da Igrexa Católica (Encíclicas, Concilio Vaticano II, etc.)
- * Revistas, diarios, información do Terceiro Mundo.
- * Comentarios de texto (especialmente para 1º Bacharelato).
- * Videoteca e bibliografía da Biblioteca do Instituto.
- * Blogs de aula e de alumnos. Wikis.
- * Exposición en paneis, murais.
- * Diversos recursos lúdico-relixiosos tanto en papel como na Rede.
- * Cancións e actividades musicais.
- * Xogos e dinámicas grupais.
- * Presentacións en Power-Point, Prezi e noutros recursos on-line.
- * Exercicios de valores.
- * Aula virtual e web do propio Centro.
- * materiais ligados ao programa EDIXGAL

5. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Para este Departamento de Relixión Católica o conxunto de estándares mínimos valorarase nun 50%. Cada un dos estándares de aprendizaxe ten igual valor e, na cualificación final, cada estándar do conxunto de estándares mínimos mínimo valerá unha unidade mentres que cada un dos restantes estándares valerá a metade, é dicir, 0,5.

A relación de instrumentos de avaliación é recollida nesta Programación nos seus correspondente apartados.

As cualificacións de cada avaliación resultarán da avaliación dos estándares de aprendizaxe previamente ponderados.

A cualificación final da materia será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións..

A promoción do alumnado está determinada pola normativa e polos criterios acordados no centro.

6. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Se un alumno con Relixión Católica se atopara nesa situación terá, no momento que el elixa, unha proba que constará de preguntas e cuestións axeitadas aos obxectivos e contidos mínimos correspondentes ó curso que non teña superado así como aos criterios e instrumentos de avaliación desta programación. Segundo o criterio do profesor poderase substituír a proba pola entrega dun traballo relacionado cos temas correspondentes.

No caso de que non aprobe terá un exame a final de curso.

Os materiais de reforzo para a materia pendente serán os propios do nivel e curso no que estivese matriculado o alumno. Neses materiais, este departamento poderá establecer outros materiais de reforzo se o estima oportuno para acadar os obxectivos.

A) Se un alumno ten pendente a Relixión Católica do curso anterior e sigue cursándoa, valorarase no primeiro trimestre se o alumno vai acadando os contidos mínimos co rendemento no actual curso. Esa valoración será mediante unha proba escrita ou oralmente mediante preguntas no desenvolvemento das clases habituais. Se o alumno non acadara os obxectivos mínimos ao longo do curso poderá optar por realizar unha nova proba de pendentes en Setembro.

B) No caso de que o alumno non siga cursando a materia de Relixión realizará, coincidindo coa primeira avaliación, unha proba axeitada ós contidos mínimos. Se non a supera terá, a final de curso, outra proba ou entrega de traballos relacionados cos temas correspondentes.

En calquera caso os plans para a superación serán os propios do nivel que lle quedou pendente ao alumno. E a avaliación terá carácter continuo sendo sumamente importante o interese que mostre o alumno.

7. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesario. (No bacharelato)

No Bacharelato, para coñecer a situación do alumno procederemos así:

Unha proba de comprensión dun texto bíblico para verificar a comprensión de contidos.

Unha presentación do alumno dun tema escollido ao chou (dos contidos mínimos de relixión na ESO) para verificar a capacidade de presentar información e defensa dun tema.

Unha redacción dun pequeno ensaio para valorar a capacidade de expresión escrita do alumno, tamén a súa habilidade para desenvolver un argumento coherente, o uso de referencias e a súa avaliación crítica de ideas.

8. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Realizarase unha proba escrita específica a principio de curso, preferentemente na segunda quincena de setembro, para diagnosticar a situación de partida do alumnado pois coñecer as competencias coas que chega o alumno é moi importante para poder detectar casos que precisen atención á diversidade.

Os contidos desa proba serán os axeitados aos contidos mínimos do curso anterior da ESO que cada grupo de alumnos teña realizado agás no caso de 1º ESO onde os contidos da proba estarán relacionados cos contidos de Relixión na Primaria.

Esa proba escrita pode conter preguntas obxectivas así como de texto incompleto, de emparellamento e de opción múltiple. Tal proba terá un carácter informativo e non terá validez para a cualificación final.

9. Programas específicos personalizados para o alumnado repetidor. (na ESO).

O alumno repetidor na ESO terá, na materia de Relixión Católica, o mesmo programa e tratamento que calquera outro alumno do grupo habitual no que o alumno estea integrado.

10. Medidas de atención á diversidade.

No ensino da Relixión temos o convencemento de que cada persoa é única e irrepitible polo que a atención á diversidade está sempre presente. Habitualmente ocorre que algúns alumnos teñen necesidades educativas especiais asociadas a algún tipo de discapacidade física ou mental, outros necesitan axudas técnicas e outros están máis adiantados nas súas calidades requirindo ensinanzas alternativas para satisfacer as súas posibilidades en toda plenitude.

En todo caso seguiranse as directrices que marque o Plan de Atención á Diversidade do Centro.

Evidentemente traballaremos parellos co diagnóstico psicolóxico e pedagóxico en estreita relación co Departamento de Orientación do Centro e en sintonía cos profesores compañeiros de Pedagogía Terapéutica.

Ademais, para ser fieis á singularidade de cada alumno e alumna trataremos de:

- > Escoller en cada caso o máis apropiado propoñendo variedade de actividades para un mesmo contido: non todos os alumnos realizarán as mesmas actividades. Diferenciamos contidos prioritarios dos outros complementarios e de ampliación.
- > Graduar as diversas aproximacións que poden darse a un mesmo criterio de avaliación.
- > Utilizar metodoloxías diversas, empregando materiais didácticos variados e graduados en función da súa dificultade.
- > Favorecer equipos na clase que posibiliten a interacción: agrupamentos flexibles e ritmos distintos. Os grupos de traballo non estarán sempre formados por os mesmos alumnos senón que estarán en función da tarefa a realizar.
- > Para alumnos máis motivados faranse actividades de ampliación que lles axuden a desenvolver as súas capacidades.
- > Para alumnos con dificultades no proceso normal de aprendizaxe ofreceranse actividades sinxelas, breves e de reforzo coa intención de prestarlles todo o apoio que precisen.

11. Concreción dos elementos transversais que se traballarán.

Traballaremos en cada curso os mesmos elementos transversais porque son valores irrenunciabes no ensino da Relixión Católica pero, lóxicamente, adaptados ao nivel de cada grupo e, dentro de cada grupo, axeitados ás necesidades do alumnado pois hai graduacións diversas no desenvolvemento dos estudantes. Os elementos transversais coa súa concreción son:

1 e 2. Comprensión Lectora e á Expresión oral e escrita

- As habituais prácticas do Plan Lector do Centro.
- Practicar constantemente estes dous elementos tanto na lectura de textos bíblicos como de documentos tanto en medios dixitais como en papel.
- Escoitar, dialogar, debater e expresar con total respecto nas interaccións entre iguais e co profesor/a.

3. Comunicación Audiovisual

- Dialogar, debater e expoñer temas, xuízos e opinións, respectando as regras propias do intercambio comunicativo e procurando non ferir a sensibilidade dos demais, adquirindo unha actitude crítica construtiva ante as crenzas, ideoloxías e maneira de ser dos demais.
- Buscar solucións para chegar a aceptar e valorar aos demais e chegar a superar os conflitos que xorden nas relacións cotiás analizando posturas e actitudes que favorecen o vivir en paz: diálogo, aceptación, respecto, perdón.

4. Educación nas tecnoloxías da comunicación e información

- Tomar conciencia dos beneficios e das vantaxes que nos achega a tecnoloxía, favorecer o progreso e responsabilizarnos para que este continúe para ben da humanidade.
- Valorar os beneficios que achega a tecnoloxía da información e valorar todos aqueles adiantos tecnolóxicos e científicos que axudan á realización da persoa e ó benestar da sociedade.
- Descubrir e valorar as persoas que colaboran coa creación a través dos descubrimentos e avances tecnolóxicos e científicos.

5. Emprendemento

-Valorar os produtos con obxectividade e saber adquirilos e consumilos de forma racional e equilibrada.

-Descubrir e analizar a influencia que os medios económicos teñen sobre as persoas en relación coa sociedade e tomar unha postura crítica ó respecto.

-Analizar feitos que fan referencia á sociedade desde unha visión cristiá. Coidar e favorecer todo o que axude a unha repartición equitativa dos bens da terra.

6. Educación cívica:

-Descubrir os valores que xorden do Evanxeo e que comprometen o cristián a colaborar no ben da sociedade e adquirir actitudes solidarias e comprometidas.

-Analizar o grao de responsabilidade persoal e doutras persoas ante a familia, a sociedade, o mundo e a Creación.

-Recoñecer os valores éticos e morais que existen nas diversas relixións, valoralos e facer un paralelismo cos que xorden do Evanxeo de Xesús.

-Descubrir a maneira de colaborar xuntos na edificación da sociedade e valorar o labor da Igrexa e doutras institucións que colaboran desinteresadamente no ben dos demais.

-Reflexionar e analizar as causas que provocan situacións de marxinación e de inxustiza social e chegar a sensibilizarse ante as necesidades e ante os problemas dos demais.

7. Prevención de violencia.

-Interesarse por coñecer, respectar e apreciar os compañeiros e compañeiras independentemente do seu sexo e da súa aparencia.

-Colaborar con todas as persoas sexan dun ou doutro sexo.

-Analizar o grao de aceptación ou rexeitamento que existe cara ás persoas de distinto sexo e buscar solucións ó respecto.

-Amosar unha actitude crítica ante situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo.

-Descubrir e rexeitar as posturas extremas (machismo e feminismo) e valorar os demais indiscriminadamente.

12. Acción de contribución ao proxecto lector.

A materia de Relixión participará activamente no Plan Lector do propio Centro coa dinámica que se estableza para este curso 2015-2016 así como nas actividades propostas polo equipo da Biblioteca e PLAMBE.

De non coincidir o horario establecido do Plan Lector con algunha clase desta materia adicarase, en cada grupo, o tempo que fora preciso na lectura e traballo de textos para que os nosos alumnos acaden gusto pola lectura facendo dela unha rutina diaria na que atopen entretenemento intelectual e formativo.

Como accións máis destacadas teremos en conta:

- √ Lectura en voz alta de xeito rotatorio e participativo dos alumnos dunha parte de calquera unidade didáctica que corresponda explicar.
- √ Exercicios e prácticas de comprensión lectora da Biblia e dos seus xéneros literarios con textos axeitados que motiven aos alumnos a ler con agrado, lectura de biografías de personaxes fundamentais do cristianismo e da humanidade, lecturas de Encíclicas, lectura sobre unha selección de temas de actualidade, textos sinodais, preguntas sobre o lido, extracción da idea principal, realización de exposicións escritas do texto traballado, resumos, esquemas, utilización de enciclopedias, dicionarios, periódicos. Todo iso axeitadamente á idade e capacidades dos alumnos.
- √ Lecturas e exposicións de ideas e opinións persoais así como interpretación de murais e traballos realizados polos alumnos e que contribúen ao desenvolvemento da expresión escrita e oral.
- √ Os exemplares da Biblia e demais libros que se usen serán do Departamento de Relixión ou da Biblioteca do Centro polo que non é necesario que os alumnos os merquen.

13. Acción de contribución ao plan TIC.

Dado que neste curso 2015-2016 xa está implementado o Proxecto Abalar, en 1º ESO, faremos unha procura axeitada dos recursos que tal Proxecto nos brinda. Nos outros niveis seguiremos actuando tal como os cursos anteriores na medida en que o Centro poida proporcionarlle a este Departamento as aulas de Informática e Audiovisuais.

Desde as clases de Relixión contribuímos ao logro dos obxectivos do plan TIC do Centro mediante a realización de diversas accións cos nosos alumnos tales como:

- Uso de correo electrónico para informar aos alumnos da realización dalgunha tarefa e para recepción dos seus exercicios, actividades e traballos.
- Uso educativo das redes sociais para compartir saberes, técnicas e recursos.
- Presentación de traballos nas aplicacións máis actuais na medida en que as posibilidades técnicas e a formación dos propios alumnos o permitan. Como mínimo farán uso dun procesador de textos.
- Creación de canles de comunicación con outros alumnos de Relixión doutros centros da mesma localidade e outras.
- Blogs de aula coa participación activa do alumnado. Presentación dos contidos de xeito atractivo e novedoso desde os blogs da materia de Relixión.
- Uso da Aula virtual do centro.
- Visitas a sitios web oficiais da Igrexa (Santa Sé, Arquidiocese, Conferencia Episcopal), a páxinas de contido bíblico ou relacionadas co voluntariado e o labor social da Igrexa.
- En relación cun dos obxectivos da programación, coñecer a través da Rede a achega da Igrexa á nosa cultura e patrimonio artístico para o que Internet móstrase como un instrumento valioso nun campo que por excelencia é o da imaxe.
- Consultas e visitas a portais católicos tanto polo seu contido conceptual como pola posibilidade de coñecer foros de opinión, blogs e outros campos de comunicación e expresión católicos.

18. Acción de contribución ao plan de convivencia.

Na contribución ó Plan de convivencia esta materia de relixión católica ten moitísimo que aportar desde os valores que promove.

En todo momento seguirá as pautas do Plan de Convivencia do Centro así como as indicacións do Departamento de Orientación e das Titorías.

Independentemente diso traballará constantemente aspectos propios da educación para a Paz, o respecto da Natureza, a solidariedade e todos aqueles indicadores xa reflectidos na programación de valores.

As accións:

- ~ Asistencia puntual e diaria ás clases.
- ~ Asistencia ó Centro cos materiais necesarios para as clases.
- ~ Respetto para as persoas que teñen crenzas distintas.
- ~ Diálogo cos que pensan de xeito diverso.
- ~ Colaboración para a realización das tarefas propostas polo profesorado.
- ~ Colaboración para a modificación da conduta do alumno ou alumna e seguimento nos cambios que se produzan.
- ~ Rexeitamento pacífico de todo tipo de violencia.
- ~ escoitar para entender.
- ~ Compartir cos demais.
- ~ Respetto ós compañeiros e a todo o persoal do Centro.
- ~ Non permisión de actitudes racistas nin sexistas.
- ~ Moderación consumista e coidado da hixiene persoal.

19. Actividades complementarias e extraescolares programadas.

Marco teórico

Os obxectivos das actividades deste departamento de relixión son:

- * Procurar unha relación entre os alumnos que provoque unha maior consideración das capacidades de autoestima persoal, de inserción social e de afecto.
- * Animar o traballo en equipo favorecendo a solidariedade e apreciando o valor do distinto.
- * Facilitar a convivencia e integrar aos alumnos de distintas culturas.
- * Completar a formación relixiosa na súa aplicación práctica achegando aos alumnos á cultura, arte e símbolos relixiosos do seu entorno.

As actividades realizaranse sempre en coordinación co Departamento de Actividades Extraescolares que, no noso Centro, está baixo a supervisión de Vicedirección. Por iso a temporalización concreta de cada actividade farase co Plan que ha de establecerse nos primeiros días de clase cando se teñan os datos concretos de cada grupo e de outras materias e que ha de ser aprobado polo Consello Escolar do Centro.

Este Departamento realizará as actividades en interrelación con actividades doutros Departamentos do Centro que xa estean programadas e apoiadas por os organismos responsables. E tamén nalgúns casos realizaranse as actividades en colaboración con outros Institutos para abaratar custos e para maior enriquecemento cultural dos alumnos.

Marco práctico

Complementarias

- Xornada Declaración Dereitos Humanos.
- Xornada de solidariedade no Nadal.
- Celebración do Día da Paz.
- Participación na Campaña contra a Fame de *Manos Unidas*.
- Conta-contos/Charlas-coloquios-mesas redondas.
- Xornada do libro: a Biblia, o Corán e a Biblia hebrea. Encrucillada das tres grandes relixións monoteístas. Uso da Biblioteca do Centro.
- Exposición no hall do Instituto de tarefas realizadas con murais ou carteis.
- Concurso do mellor blog de aula da materia de relixión.

Extraescolares

- Coñece a túa parroquia: visita a algunhas parroquias dos alumnos.
- Visita á Igrexa parroquial de Santiago de Redondela e igrexa románica de Santiago de Parada.
- Convivencias con outros alumnos de centros educativos da cidade.
- Saída a coñecer a casa de “proxecto home” para análise da realidade e relación coa Doutrina Social da Igrexa.
- Viaxe a Santiago de Compostela para achegamento á tumba do Apóstolo Santiago.
- Creación dun grupo de Voluntarios.
- Visita ao mosteiro beneditino de Trasmañó.

Curso:2020-2021

Data	Nome da ACF	Obxectivo/s da ACF e vinculación co currículo do curso	Grupo/s destinatario
2º Trimestre	Exposición de Biblias	<ul style="list-style-type: none"> Coñecemento de primeira man da diversidade de linguas e do alcance da Biblia como referente de relixiosidade 	1º ESO 2º ESO
2º trimestre	Chat con estudantes de CKamaquechi	<ul style="list-style-type: none"> Igrexa como motor de transformación e desenvolvemento dos pobos 	2º 3º ESO
2º Trimestre	Entrevista con Director de Caritas	<ul style="list-style-type: none"> Igrexa e cambio social Presentación do informe Caritas 2018 	4º ESO
s/d	Visionado de Hotel Rwanda e coloquio con Paul Russesabaguina	<ul style="list-style-type: none"> Relixión e conflitos Guerras relixiosas 	4º ESO 1º e 2º Bach
Principio de 2º trimestre	Saída a Madrid-Toledo se a situación sanitaria o permite	<ul style="list-style-type: none"> Coñecemento do territorio peninsular como terra de convivencia das grandes tradicións relixiosas Relixión e arte 	2º Bacharelato
Cada trimestre	Saídas ás catedrais de Santiago (pórtico da Gloria) Tui+ xudería e Vera Cruz	<ul style="list-style-type: none"> Relación da Igrexa e o mundo político Relixión e Arte A Igrexa como mecenas cultural nas idades moderna e contemporánea 	2º Bacharelato

20. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Os procedementos para avaliar a programación de Relixión Católica deste curso 2019-2020 son de dous tipos:

A) Unha avaliación de progreso:

1. Haberá que ir vendo o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do Centro.
2. Valorarase tal axuste nas reunións de Departamento e nas avaliacións e, se resulta pouco axeitado, haberá de modificarse durante o percorrer do curso.

B) Unha avaliación final:

1. Prestarase moita atención ao porcentaxe de alumnos que, na súa avaliación final, queden coa relixión sen aprobar.
2. Os erros detectados recolleranse na memoria final de curso para a elaboración da programación do próximo curso.

1.